

O ÁMBITO INTERNACIONAL E AS IMPLICACIÓNS POLÍTICO-ECONÓMICAS DA TRANSICIÓN NA EUROPA DO LESTE¹

M^a PILAR BARRÓS NAVERA

Departamento de Economía Aplicada
Universidade de Santiago de Compostela

JOSÉ RAMÓN GARCÍA MENÉNDEZ

Departamento de Economía Aplicada
Universidade de Santiago de Compostela

Palabras clave: *Relacións económicas internacionais, Política económica, Segmentación económica, Comercio, Integración.*

Key words: *International economic relations, Economic policy, Economic segmentation, Trade, Integration.*

Resumo

O presente artigo ten un dobre obxectivo analítico. En primeiro termo, caracteriza-lo ámbito da economía internacional nunha fase na que se asiste á incerta configuración do futuro perante os acelerados cambios que se producen no novo escenario europeo coa superposición dos procesos de integración comunitaria e a aertura económica dos países do Leste europeo.

En segundo termo, analízanse as implicacións de Política Económica da "transición" iniciada en Europa do Leste, especialmente as derivadas da inserción destas economías no mercado mundial nun período inmerso en organización segmentada e en tendencias neoprotecciónistas das relacións económicas internacionais.

Abstract

This article has a double analytical aim. First, to characterize the international economy scene in a phase in which we are witnesses of the uncertain configuration of things to come due to the quick changes that come about in the new European scene with the superposition of the processes of community integration and the economic opening of the European Eastern countries.

Second, we analyse the implications for Economic policy of the "transition" that began in Eastern Europe, especially those derived from the insertion of these economies in the world market in a period of segmented organization and new-protectionist tendencies of international economic relations.

1. INTRODUCCIÓN

Os cambios políticos e económicos sufridos polos países da Europa do Leste modificaron substancialmente o escenario europeo². As transformacións foron tan radicais coma aceleradas, tan sorprendentes coma complexas. A transición das economías de planificación central pertencentes ás denominadas experiencias europeas de socialismo real superpúxose á desaparición do bloque xeoestratégico liderado pola URSS e á reunificación alemana, entre outros factores de indiscutible relevancia, coa disolución do Consello de Axuda Mutua (CAME) e a aparición da Confederación de Estados Independentes (CEI).

A convención destes procesos afectou profundamente á orde económica internacional establecida ó final da II Guerra Mundial; unha orde configurada bipolarmente, de bloques (económicos, políticos e militares) en con-

frontación Leste / Oeste ó longo dun ciclo histórico das relacións internacionais, entre 1945 e 1989, no que o incremento das comunicacións de ámbito planetario e a crecente transnacionalización da economía internacional permitiu unha incorporación *de facto* da Europa do Leste ó mercado mundial. Esta incorporación acelérase gradualmente nun contexto de integración da Comunidade Europea (CE) e de segmentación e consolidación de áreas de influencia económica en torno á CE, Xapón e EEUU.

Aínda que os devanditos cambios na Europa do Leste teñen o seu precedente de reforma económica no experimento húngaro —hai xa 25 anos— e o seu impulso político máis próximo no movemento sindical polaco, o certo é que o detonante da transición se debeu ás propostas soviéticas de *perestroika* (reestructuración política e económica) e *glasnost* (transparencia no proceso de decisións) adoptadas polo goberno de M. Gorbachov, a partir de marzo de 1985; unha renovación formulada, paradoalmente, para permitir unha maior descentralización da economía planificada e lograr unha imprescindible eficiencia productiva e competitividade exterior como medio de "fortalecer" o socialismo.

Non obstante, os acontecementos precipitáronse e desbordaron as previsións dos analistas. A pesar do ritmo acelerado de transformacións políticas e ideolóxicas, o sistema económico non reaccionou con similar axilidade. Mesmo desde 1989 ata o intento de golpe de estado en agosto de 1991, o agotamento do programa de reformas político-económicas na URSS non implicou unha ruptura brusca e un cambio, tan abrupto como no terreo político e institucional, cara á economía de mercado. Pero, sen dúbida, a "*perestroika*" creou as condicións para o desenvolvemento dos procesos de transición nos restantes países de Europa do Leste pois, na medida en que se avanzaba no final irreversible do CAME (disolvendo os lazos institucionalizados de interdependencia económica na área), a URSS garantiu explicitamente a non intervención nos devanditos procesos mediante o rexixitamento da Doctrina Brezhnev que inspirara o Pacto de Varsovia nas últimas décadas.

Ó respecto, o obxectivo principal do presente artigo consiste no estudio das implicacións político-económicas da transición de Europa do Leste baixo unha triple perspectiva.

En primeiro termo, situarse o obxecto de reflexión nun ámbito internacional caracterizado por cambios significativos na súa configuración cara á multipolaridade e a súa plasmación específica no escenario europeo.

En segundo termo, abordaranse algunas consecuencias de política económica a partir dos procesos de transición en curso. Neste sentido, tras unha reflexión sobre a dimensión económica do Leste Europeo no período en que inicia esta mutación (con especial referencia ás relacións económicas externas da actual CEI), caracterízaranse certas tendencias comerciais e financeiras que se consideran expresivas da incerteza inmediata no proceso adoptado de transición económica.

En terceiro termo, consideraranse as leccións de política económica más relevantes da experiencia e das perspectivas dun prisma de referentes analíticos que informan sobre "integración, asistencia e cooperación".

A este respecto, é destacable o feito de que os procesos de transición en curso, co establecemento de incipientes formas democráticas pluralistas —no terreo político e institucional— e reorientacións cara á economía de mercado nalgúns países de Europa do Leste, formuláronse nun contexto de disposición e, incluso, de petición formal de integración futura na Comunidade Europea. As expectativas de todo signo que xeran tal posibilidade, para os países peticionarios e para os doce, súmanse ás incertezas provocadas pola reunificación alemana. Iso influirá de modo determinante non só na recuperación económica e normalización política da Europa do Leste e en importantes modificacións da política económica exterior da Comunidade senón, ademais, na distribución interna de fondos para a materialización da Unidade Europea tal e como se formulou nos Acordos de Maastricht para o cumprimento dos obxectivos de equiparación espacial do grao de desenvolvemento e de cohesión social.

2. CONFIGURACIÓN DO ÁMBITO INTERNACIONAL

2.1. O DIFÍCIL TRÁNSITO CARA Á MULTIPOLARIDADE

A envergadura histórica dos últimos acontecimentos internacionais proxecta, sen dúbida, unha longa sombra de desacougo sobre o futuro. En efecto, á desaparición das condicións de Bretton Woods que garantiron unha relativa estabilidade da economía internacional engádese —nos últimos anos— a incerteza dunha complexa superposición de fenómenos e procesos inéditos ou, en todo caso, non previstos polos analistas: entre outros, o desmembramento da URSS, a reunificación alemana ou os altibaixos da integración europea.

As relacións internacionais caracterizadas ó longo da postguerra por un fráxil e tenso equilibrio entre bloques (cohesionados por intereses xeoestratégicos e político-económicos) atópanse, actualmente, nun *auténtico tránsito cara á multilateralidade*. Máis ca unha senda, unha encrucillada non exenta de dificultades provenientes da configuración dunha *nova orde económica internacional* que se ensaia ante a ausencia dun claro liderato mundial por parte dunha potencia hexemónica e nun contexto de crise xeneralizada a raíz do final, en 1990, do ciclo expansivo da economía internacional. Como se pode observar no Cadro 1, o comportamento económico dos principais países da OCDE mostra a permanencia da recesión en 1991 e 1992, ó que se debe sumar la caída de actividade e o aumento da taxa de desemprego no primeiro semestre de 1993. Todo iso ilustra un contexto crítico que compromete o deseño dunha pretendida "nova orde" das relacións económicas internacionais baseada na *multilateralidade* (na dirección das relacións) e na *multipolaridade* (na imantación da influencia política e militar).

Sen embargo, a elaboración dun esquema de relacións internacionais dotado de estabilidade en institucións e normas de regulación económica require adaptar las estructuras de poder e as alianzas e mecanismos de hexemonía política en todas e cada unha das esferas productiva, financeira, tecnolóxica e militar do actual ámbito internacional afectado de graves tendencias neoprotecciónistas (que impidieron o

pechamento da Ronda Uruguai do GATT no prazo previsto), de segmentación do mercado mundial en bloques de comercio ("triangulando" o maior peso dos movementos comerciais e financeiros entre EEUU —Xapón e NIC's do Sueste Asiático—e CEE), da gravitación da cuestión ambiental nas relacións Norte/Sur (como se advirtiu no Cume de Río-92), de debilitamento das "locomotoras" económicas mundiais (Alemaña e Xapón) e da cada vez más patente inadecuación das actuais institucións político-económicas internacionais para canalizar e reaccionar perante os conflictos económicos na presente concubatura crítica e cunha nova correlación de forzas entre os contendentes.

A incerteza fixose máis evidente en 1991 cando, tras unha das fases más longas de expansión cíclica da economía internacional, acendérónse case tódalos sinais de alarma. Segundo o FMI, no devandito exercicio rexistráronse graves caídas na producción e no comercio mundial ata o punto de que só alcanzaron un aumento, respecto ó ano anterior, a penas do 0.7% xunto coas presións alcistas do tipo de interese e de deterioro dos termos de intercambio co que se prexudicou especificamente ós países cun maior endebedamento externo e más dependentes dos ingresos das súas exportacións para provocar unha afluencia adicional de capitais³. Pero existe, tamén, un elemento que caracteriza a actual recesión e é a xeneralidade con que se produce nos países industrializados. Vexamos dous casos significativos.

En EEUU, tralo esgotamento das expectativas de recuperación económica xeradas pola solución militar imposta á crise do Golfo Pérsico e polas expectativas creadas perante a nova Administración Clinton, as autoridades político-económicas non lograron domesticar unha situación interna sometida á recuperación do *Welfare State* e á gravitación dos crónicos desequilibrios presupostario e comercial da endebedada economía norteamericana, a pesar da tendencia á revaloración do dólar que, desde 1991, permite un certo mantemento do tipo de interese e unha maior flexibilidade da política monetaria interna. No caso da economía alemana, superpone un déficit fiscal superior ó 5% do PIB, unha política monetaria restrictiva e a ardua equiparación espacial e socioeconómica no territorio reunificado. As debilidades alcanzan tamén á economía xaponesa que discorre entre

as marxes marcadas por un dinámico potencial competitivo e unha elevada capacidade interna de aforro que contrasta coas esixencias internacionais de abri-lo seu mercado.

2.2. O NOVO ESCENARIO EUROPEO

No inicio de 1992, a Comisión das Comunidades Europeas someteu á consideración do Consello de Ministros un amplo Informe que, ademais da súa natureza informativa como memoria de actividades e resultados do exercicio anual, constitúe un documento fundamental para avaliar algunas tendencias xulgadas como cruciais para o futuro comunitario⁴.

En síntese, os obxectivos marcados pola política económica da Comunidade diríxense á unidade de mercado, ó afondamento da unión monetaria e á promoción do desenvolvemento dos espacios económicos máis atrasados da Comunidade mediante a implementación de políticas económicas nun marco de equilibrio ecolóxico.

Sen dúbida, o contido voluntarista do finalismo político-económico descrito é aínda máis patente se se apreciara o peso das dificultades e incertezas que entrañan os profundos cambios no escenario europeo, especialmente os relativos á reunificación alemana, á sintonía dos mecanismos integradores da Comunidade Europea (CE) coa Asociación Europea de Libre Comercio (AELC) e á transición dos países do Leste.

En primeiro termo, o esforzo económico e financeiro que debe efectua-la Alemaña reunificada para equilibrar, por unha parte, as asimetrías existentes entre as antigas RFA e RDA e lograr, por outra, un desenvolvemento harmónico no seo da CE, xa superou os prazos inicialmente estimados tanto polo goberno alemán como polos responsables da Comunidade. O renovado escenario europeo non conta, por tanto, co tradicional pulo da fortaleza alemana senón que, pola contra, asiste a unha inxente mobilización interna de recursos (propios e comunitarios), o que provoca implicacións inmediatas sobre a aportación de liquidez ó sistema financeiro internacional, nos movementos dos tipos de interese, nos fondos de cohesión intracomunitaria e de cooperación externa, nos fluxos de investimentos directos e en carteira (desde e cara a Alemaña) e nos condicionantes da política monetaria alemana sobre a estabili-

dade do sistema Monetario Europeo —e todo iso nun contexto de rebotes xenófobos e de temor perante a potencialidade expansionista dunha Alemaña reunificada.

Non obstante, é preciso resalta-lo papel mediador e, incluso, iniciador de Alemaña nas relacións cos países de Europa Central e do Leste e, en concreto, coa CEI non só no plano político senón, ademais, na aportación de axuda financeira e tecnolóxica ó servicio dos intentos de modernización productiva e de recuperación da demanda das repúblicas ex-soviéticas; unha demanda tan desabastecida como de mímina capacidade adquisitiva pero que constitúe unha relevante extensión potencial do mercado alemán cara ó leste.

En segundo termo, o afondamento do proceso integrador da CE determinou a necesidade de *redimensionar* o mercado interior europeo. Neste sentido, presentouse a tese do Espacio Económico Europeo (EEE) integrado pola CE e a AELC: un xigantesco *zollverein* que conta cun mercado consolidado de 380 millóns de consumidores no que nin sequera List pretendría complementar de forma inmediata a unión aduaneira coa plena liberdade de intercambios comerciais, financeiros e de difusión tecnolóxica sobre a base de plena apertura económica interna e de consenso externo sen que existan, trala caída do Telón de Aceiro, obstáculos insalvables debido á neutralidade mantida polos membros da AELC respecto á bipolaridade dos bloques militares aglutinados na OTAN e no Pacto de Varsovia. As negociacións levadas a cabo polas partes e a aceptación dos principios da Acta Única Europea aceleraron os acordos de garantía das liberdades de movemento de mercadorías, servicios, capitais e persoas así como os mecanismos de control xurídico e institucional para preservar estas liberdades a partir de xaneiro de 1993 no actual Espacio Económico Europeo.

Cabe destacar, neste momento, que o proceso negociador entre a CEE e a AELC —desde a Declaración de Luxemburgo en 1984, pasando polo acatamento da Acta Única e a constitución do EEE— estivo marcado por dous actitudes que representan unha lección da experiencia que debe ser assumida por autoridades nacionais e rexionais dos países membros diante das próximas negociacións nas que o resultado non implica "suma cero". Primeiro, a adopción

de períodos transitorios e a firma de acordos sectoriais específicos que favorezan a adaptación non traumática ó EEE (é destacable, ó respecto, o protocolo pesqueiro proposto por Noruega a partir de xaneiro de 1993) constitufron un logro dos países da AELC debidos a unha estratexia política de negociación baseada, nos casos máis adversos e se se me permite o símil, no "segundo óptimo" máis ca en posturas de forza sectorial ou gremial e, segundo, a constatación de que calquera ampliación no EEE require amortece-las disparidades económicas, sociais e espaciais que se produzán mediante a dotación de fondos de cohesión por parte dos países con maiores disponibilidades mediante contribucións non reembolsables ou créditos brandos. Esta filosofía foi recollida pola CE, como se sabe, nos Acordos de Maastricht e discutidos no Cume de Edimburgo.

En terceiro termo, o novo escenario europeo —á parte da instrumentación dos programas de converxencia requiridos ós doce, das vicisitudes da reunificación alemana e da consolidación do Espacio Económico Europeo— está tamén condicionado pola transición de Europa do Leste. Despois de catro décadas de funcionamento como economías centralmente planificadas e nun contorno relativamente illado, a transición políftico-económica cara a un modelo orientado, con variantes nacionais e en distinto grao, á asignación de recursos pola vía do mercado supón a existencia de procesos inzados de múltiples distorsións que responden principalmente a dúas esferas de fenómenos. Por unha parte, ben sexa polos resultados dos procesos privatizadores ou polos programas de reforma e axuste (auspiciados polo FMI, o BERD ou o G-7) producíronse situacións que supoñen elevados custos sociais e económicos, en termos de actividade, emprego e custo da vida. Por outra parte, a escasa resposta das estructuras de xestión productiva ós débiles sinais da competencia está provocando unha rixidez dos mecanismos de asignación de recursos (en termos de prezos, cantidades e destino dos mesmos) e de control dos efectos perversos (escaseza, mercado negro, corrupción...) que comporta a natureza e a aceleración dos cambios formulados. Neste sentido, aquelas economías que tiñan xa certa experiencia nunha asignación flexible de recursos (como o caso húngaro) ou que iniciaron as reformas económicas con certa anticipación

(como Polonia) contan cunha maior capacidade para administra-las consecuencias político-económicas derivadas da crise implícita na actual transición do Leste Europeo.

3. POLÍTICA ECONÓMICA E TRANSICIÓN DO LESTE EUROPEO

3.1. A DIMENSIÓN ECONÓMICA DO LESTE EUROPEO PERANTE A TRANSICIÓN CON ESPECIAL REFERENCIA ÁS RELACIÓNIS EXTERNAS DA CEI

Coas debidas precaucións sobre a confianza da información estatística dispoñible e que se notifica no Cadro 2, podemos contar cunha aproximación ó peso relativo do Leste Europeo na economía mundial, no momento no que se desencadearon as mutacións políticas e económicas sufridas a partir de 1989. No devandito ano, a URSS e os sete países restantes da Europa Oriental xeraron o 13% do PNB mundial. En caso de agregar-lo producto da República Popular da China e do resto dos países integrantes do CAME, obteríase que as economías do bloque socialista representaban, en 1989, o 20% do PNB mundial contando cun 33% da poboación do globo⁵.

Co inicio do proceso de transición, a participación no producto mundial dos países de Europa Oriental diminuíu notablemente. En efecto, a crecente inestabilidade social e política (incluso, a finais de xullo de 1993, regresou a pantasma do golpe en Rusia), o anómalo funcionamento das institucións políticas, o legado dunha "cultura" productiva estatalizada, as desviacións do proceso privatizador e o limitado alcance dos intentos correctores dos desequilibrios monetarios, fiscais e comerciais para aproximar cada economía cara a un previsible sistema de economía de mercado determinou, na maioría de casos e para os exercicios económicos subseguientes, un ritmo negativo de crecemento.

Isto debeuse, en gran parte, á concatenación de procesos non sincronizados e de efectos de difícil cálculo pois remiten a custos sociais e económicos dispersos: o relativo á desarticulación do sector estatal de cada economía e á problemática reorientación productiva dun inci-

piente sector empresarial privado fascinado pola aparente prosperidade capitalista pero carente de experiencia competitiva e cunha poboación asalariada desincentivada, sen capacidade adquisitiva; tanto uns coma outros atravesan, ó longo desta fase da transición, unha paradoxal crise de orfandade pola ausencia do "estado promotor" típico do capitalismo avanzado.

Desta forma, pódese apreciar unha caída progresiva do ritmo de crecemento económico en Europa do Leste na etapa 1989-1992, con valores negativos do PNB *per cápita* tan expresivos como os alcanzadoss polas economías polaca, búlgara e romanesa (-6.6, -6.8 e -6.0 por cento, respectivamente)⁶. O caso da URSS foi máis peculiar pois existen significativas diferencias nas estimacións do seu producto *per cápita*, como mostra a columna 6 do Cadro 2. De igual forma, o peso relativo do ex-bloque socialista representaba un 1.7% do PNB mundial, en 1989, fronte á aportación de Estados Unidos (25%), da CEE (23%) ou de Xapón (14%).

Ademais da parálise productiva e do deterioro da participación da Europa do Leste no mercado mundial, existe outro fenómeno que caracteriza a crise do modelo económico implementado polo socialismo real e a súa inserción no mercado mundial: a disolución do Consello de Axuda Mutua Económica.

A inexistencia dun efectivo réxime de pagamentos multilateral, a inconvertibilidade das moedas na economía mundial e a descoordinación do comercio intrarrexional entre os países membros do CAME supuxo a institucionalización dunha práctica comercial baseada en acordos bilaterais cun sistema de pagamentos en rublos transferibles escasamente funcional pois, por unha parte, a aceptación moi limitada da divisa soviética dependía da decisión do país exportador e, por outra, a liquidación de pagamentos pola vía do *clearing* multilateral tivo un carácter marxinal nun sistema caracterizado polas relacións comerciais bilaterais entre exportadores e importadores estatais. A dificultosa operatividade do mecanismo descrito de transaccións comerciais, así como o mantemento de prezos dos productos comercializados durante longos períodos de tempo constituíron motivos adicionais de introversión e illamento no seo do CAME.

A pesar das reformas practicadas a partir da primeira crise do petróleo, en 1973, e do forte impacto do proceso inflacionista nos prezos dos produtos comercializados, a fixación oficial de prezos con revisións anuais e a aplicación variable de aranceis ou de subsidios á exportación non lograron adaptarse a unha dinámica do comercio internacional imposta pola competitividade, a innovación tecnolóxica, o deseño e a comercialización; illando aínda máis a estructura de prezos do comercio exterior intra-CAME das fluctuacións dos prezos internacionais.

Os obstáculos técnicos indicados sumariamente —e os non menos importantes de tipo militar e xeoestratégico— impediron unha diversificación do comercio exterior dos países da Europa do Leste previa á transición e acorde coa actual complexidade da economía internacional.

Ademais, produciuse un incremento correlativo da *dependencia mutua* (especialmente a dependencia de Europa Oriental dos subministros soviéticos de enerxía e materias primas e do mercado interno da antiga URSS para a colonización das manufacturas), ata o punto que, en 1989 —vísperas da irrupción dos acontecementos da transición políctico-económica—, Bulgaria, Checoslovaquia, Hungría e Polonia colocaron a maior parte das súas exportacións nos países da Europa do Leste socios do CAME (83, 54, 41 e 34 por cento, respectivamente) e dos citados montantes exportadores, unha proporción próxima ó 66, 31, 25 e o 21 por cento foron para a antiga URSS⁷. Desta forma, cando ó longo do primeiro semestre de 1991 consumouse o final do CAME, o feito significou unha auténtica dislocación do sistema de comercio en Europa.

En efecto, a substitución —a partir de xaneiro de 1991— do rublo transferible polo dólar americano como unidade de conta para as transaccións do CAME supuxo non só a paulatina adopción dos prezos internacionais para a valoración do comercio senón, tamén, un acelerado deterioro da relación de intercambio dos países da Europa do Leste por canto que as tradicionais e imprescindibles importacións de petróleo, gas e outras materias primas de orixe soviética presentaron prezos más altos (non subsidiados en orixe) equivalentes ós respectivos prezos internacionais.

Cando se dissolve formalmente o CAME, en xuño de 1991, a perda do mercado soviético constitúe un atranco problemático para o comercio exterior dos restantes países de Europa Oriental pois, a curto e medio prazo, era un destino insubstituíble dado o baixo nivel de competitividade das exportacións de manufacturas da Europa do Leste na que as perspectivas comerciais e de ingreso de capitais están comprometidas, tamén, por un pesado legado do sistema. En efecto, o comercio exterior dos países da Europa do Leste contou cunha filosofía económica case-mercantilista pois obedeceu a exportacións subsidiadas e canalizadas por monopolios estatais, unha situación insostenible dada a separación crecente entre custos reais e prezos de exportación, e entre estes e a estrutura de prezos internacionais.

Aínda que era certo que non adoptar decisións de exportación/importación segundo os sinais do mercado mundial xeraba unha maior autonomía para o CAME respecto ós oligopolios internacionais e ós movementos especulativos de prezos de certas materias primas ou insumos básicos, tamén o é que nunha fase histórica como a actual de transnacionalización productiva, financeira e tecnolóxica e dunha crecente internacionalización (nas súas propostas e/ou nas súas consecuencias) da política económica, o deseño do CAME estaba blindado para preserva-la súa liberdade de decisión pero, tamén, condenado a reproducir internamente as súas debilidades e contradiccións.

Por tanto, a peculiar combinación de neomercantilismo e economía de troco deixou, nas contas exteriores dos países do Leste, saldos pendentes avaliados a prezos internacionais pero en rublos transferibles de difícil colocación na actualidade (e case imposible tralas reformas monetarias implementadas en Rusia a finais de xullo de 1993).

3.2. TENDENCIAS COMERCIAIS E FINANCIERAS DOMINANTES NA EUROPA DO LESTE

O relativo illamento das economías da Europa do Leste, nas últimas décadas, permitiu-lles ós responsables da planificación executar e/ou rectifica-las prescricións do plan con certa autonomía respecto ás continxencias do mercado mundial. Non obstante, este illamento tamén

impidiu que a acción interna de políticas económicas discrecionais puideran imanta-los efectos favorables (en termos de crecimiento) e innovadores (en termos de transferencia tecnolóxica) das etapas expansivas do ciclo económico internacional.

En consecuencia, a introversión do modelo económico, o paulatino atraso tecnolóxico e a rixidez do sistema de asignación constituíron elementos que impulsaron o sistema cara a un previsible colapso non só de producción e consumo inmediato senón, tamén, comprometendo o crecimiento económico sostido a longo prazo.

Como se pode observar no Cadro 3, a alarmante caída do Investimento Neto da URSS —en 1990 e nun contexto claramente recesivo—, presaxiaba unha contracción productiva de tal magnitud que constituíu un dos factores de liquidación dos programas de axuste e reforma económica implementados e de aceleración da disolución da URSS, substituída por unha non menos problemática mancomunidade de nacións, a CEI, cun peso específico desigual na que destacan Rusia e Ucrania e na que non se integran plenamente as Repúblicas Bálticas nin Xorxia (Cadro 4).

As devanditas dificultades económicas, a precariedade institucional do novo sistema e a permanente inestabilidade política resalta a importancia que teñen as tendencias dominantes de finanzas e comercio exterior como elementos dun potencial dinamismo económico ó servizio da recuperación productiva e da inserción na economía mundial, coas vantaxes e condicionantes.

Para o caso da ex-URSS —como se pode observar nos Cadros 5, 6, 7 e 8, que corresponden por anualidades ó período 1984-1990 que abrangue desde o inicio da apertura económica implícita nas propostas de "perestroika" ata as vésperas do intento golpista de agosto de 1991—, o montante exportador creceu nunha porcentaxe aproximada de cinco puntos anuais ata 1988, ano no que comezou unha caída sostida de exportacións ata o punto de que a diminución en 1990 supuxo unha variación negativa anual do -1.2%⁸.

Da información disponible podemos resaltar que, primeiro, mentres os primeiros 22 países industrializados —segundo a orde establecida polo FMI— manteñen a súa presencia como

destino do 57.5% das exportacións da ex-URSS, en cambio a participación dos países en desenvolvemento aumentou ata un significativo 14.1%, en 1990. E dicimos que este dato é moi significativo porque a maior participación se debe a países asiáticos (9.6%) e, entre eles, á República Popular de China e á súa gradual política económica de apertura cara ó exterior o que fai que pase de ser receptora do 1.5% das exportacións soviéticas en 1984 ó 4.2% en 1991 e, o que é máis sorprendente, a un ritmo promedio anual de crecemento desta recepción de exportacións procedentes da CEI próxima ó 30% entre 1984 e 1992.

En consecuencia, con respecto ó movemento exportador/importador do comercio externo da CEI, podemos anticipar certas perspectivas que conformarán a política comercial exterior das principais repúblicas da CEI.

Primeiro, perante a fase adversa do ciclo da economía mundial e as tendencias proteccionistas que se reafirman na mesma, tanto polos problemas económicos pendentes en EEUU como polos altibaixos sufridos no último tramo da integración europea na súa marcha cara á pretendida Unidade Económica e Política, as exportacións provenientes, fundamentalmente, das repúblicas de Rusia, Ucraína e Bielorrusia, reorientaranse cara ó Leste, especialmente ós densos mercados da R.P.China e a India (nos que as exportacións da CEI poden ser competitivas dada a equivalente relación deseño/calidade/prezo nas manufacturas ou en productos semielaborados) e cara ás cidades-estado (Singapur, Hong-Kong) e países (Indonesia, Malasia, Tailandia, Corea do Sur) que constitúen os "novos países industrializados" do Sueste Asiático (especialmente en exportación de materias primas). Ámbolos dous polos (R.P.China-India e Nic's asiáticos) concentran o destino do 72 e do 25 por cento de todo o montante exportador proveniente da CEI que está dirixido cara a Asia en 1992.

Segundo, coa disolución dos lazos do CAME, advírtese unha tendencia moi significativa de diminución progresiva das exportacións da CEI cara ós restantes países de Europa Oriental. Destaca que os tres países que anticiparon ou desenvolveron os seus programas de reforma económica (Polonia, Hungría e Checoslovaquia) foron os que maior reorientación fixeron das exportacións da ex-URSS, pois a súa

participación nas mesmas caeu do 24.5% (1984) ó 10% (1992).

Terceiro, aínda que en termos absolutos non foi primordial o destino norteamericano das exportacións soviéticas desde 1984, o certo é que nun prazo de 6 anos, esta participación duplicouse a unha taxa promedio próxima ó 12% anual ata representar, no inicio de 1992, o destino do 2.5% das exportacións provenientes da CEI.

Cuarto, é destacable que a CEE é un destino estancado para as exportacións da CEI. Sen embargo, nun prazo inmediato a Comunidade deberá reaccionar nun dobre sentido: por unha parte, debido á inclusión no Espacio Económico Europeo de países da AELC, como Finlandia ou Noruega, que teñen estreitas relacións comerciais con diversas repúblicas da CEI; por outra parte, debido ó rol mediador de Alemaña o que non só representará un motor para as relacións comerciais CEE-CEI, dotando o estímulo exportador nos programas comunitarios de cooperación e asistencia senón, ademais, un interese adicional con connotacións políticas, económicas e militares de salvagarda da reunificación.

Quinto, respecto ás tendencias e perspectivas das importacións da CEI, cómpre sinalar que os precedentes dun crecemento promedio anual acumulativo do montante importador da antiga Unión Soviética de case 14 puntos —de 1966 a 1984— quebraron en 1989, ata o punto que que a recesión económica global que se prolongou en anos seguintes provocou contraccións consecutivas das importacións da CEI a un alarmante ritmo promedio do 5% que ameaza ó abastecemento de produtos de primeira necesidade para a poboación e á dispoñibilidade de insumos imprescindibles para o proceso produtivo, o que afecta á satisfacción de necesidades básicas, á productividade interna e á competitividade das súas exportacións... nun peculiar círculo vicioso que aprisiona a colapsada economía da extinta URSS.

Sexto, finalmente e con respecto ós proveedores, apréciase unha caída tendencial da participación de EEUU, Xapón e dos países ex-membros do CAME como procedencia das importacións da CEI pero destaca, sen embargo, un aumento moi significativo da CEE (e, especialmente, de Alemaña) nunha proporción que representaba, en 1991, a orixe do 35% das

importacións da CEI. En concreto, as importacións provenientes de Alemaña e debido ó interese alemán en penetrar no mercado da CEI, aumentaron un 93% en dous anos trala reunificación.

No tocante ás tendencias do comercio exterior dos restantes países de Europa do Leste, e ó igual có caso xa considerado da CEI, ó longo do período de transición produciuse unha caída do PIB; unha diminución acentuada no exercicio de 1990 (Cadro 9) que, a pesar da recuperación de 1992, condiciona e somete a novos requirimentos os seus respectivos sectores externos.

Neste sentido —e como se pode apreciar nos Cadros 10, 11 e 12— tras unha etapa, 1970-1984, de expansión das correntes comerciais da Europa do Leste, o ritmo de crecemento redúcese paulatinamente ata alcanzar, no nodal exercicio de 1989, unha taxa negativa a excepción do caso da RDA. Neste sentido, o peso de Alemaña Oriental é determinante nunha cuantificación de datos que confirma que a participación da ex-RDA no global de referencia foi do 33% das exportacións e do 35% das importacións totais da área.

É significativo precisar que a "gravitación" de Alemaña Oriental, na terminoloxía usada polo FMI, era tan importante no comercio intrarexional acollido ó CAME cá súa exclusión en 1989, trala reunificación coa RFA, debilitou o mecanismo de comercio no bloque socialista ata o punto de precipita-la súa disolución en xuño de 1991, cando era previsible a operatividade do CAME no medio prazo ata que se consolidara o proceso de transición política na Europa do Leste e se liquidaran os saldos compensatorios en rublos transferibles e aceptados unicamente nas caixas dos membros do Consello. Ademais a institución podía contribuír á atenuación dalgúns problemas de inserción plena destas economías no mercado mundial, mediante movementos comerciais de cobertura e apoio á adquisición de "divisas duras" na economía internacional e de mellora dos niveis de competencia perante a inminente apertura exterior.

As tendencias dominantes no comercio exterior son inseparables de certos factores que relacionan a posición da Europa do Leste no terreo financeiro e monetario internacional. Por tanto, á relevancia dalgunhas cuestións mencionadas anteriormente (reforma monetaria, convertibilidade...), deberíanse uni-las implicacións político-económicas de certos fenómenos que

condicionan a devandita posición. En primeiro lugar, os resultados antiinflacionistas dos programas de axuste e reforma auspiciados nos países da Europa do Leste, cun forte compoñente estabilizador, domesticou a maior parte dos procesos inflacionistas disparados nos primeiros anos da transición (Cadro 13). Non obstante, os resultados globais poderían provocar confusión pois a CEI mostra un balance desfavorable. Segundo a mesma fonte institucional⁹, como consecuencia dunha implementación contraditoria da política económica a través de programas de estabilización por parte das autoridades da CEI, a inflación real supera o 100% e o déficit consolidado do sector público foi do 15% do PIB, ámbolos dous datos correspondentes a 1991. E a evolución dos restantes países, coas debidas singularidades, non é prometedora cando sacrifican os cativos resultados estabilizadores internos con déficits globais de conta corrente das súas respectivas balanzas de pagamentos, nas que aumenta alarmantemente a cota deficitaria en "moedas fortes" convertibles (dólar USA, marco, yen...) debido ás reorientacións de comercio exterior, trala desaparición do CAME, e á necesidade de adquirir petróleo a prezos de mercado mundial en fontes distintas das da CEI.

A necesidade de capital adicional para financia-los déficits creados esixiu novos requirimentos ós mercados financeiros occidentais o que supón, ben por novos préstamos ou por asistencia complementaria, o aumento da débeda externa global da Europa do Leste, agás a CEI, ata unha cifra próxima a US\$ 120.000 millóns en 1992, o que implica atende-lo servicio da devandita carga financeira co 20% do valor das exportacións de bens e servicios da área.

Respecto á débeda externa da CEI, a súa estimación varía segundo as fontes estatísticas utilizadas. Segundo o Banco Mundial (*World Debt Tables, 1991-1992*, WB, Washington DC, 1991), o cálculo do endebedamento externo quedaría entre US\$ 60.000 e US\$ 65.000 millóns, o que representaría unha relación servizo/exportacións entre o 27 e o 35 por cento. Pero o problema agudízase no caso da CEI e non só polas desfavorables expectativas a curto e medio prazo do seu potencial exportador senón polas dificultades que ten o rublo respecto a súa plena convertibilidade no sistema monetario e financeiro internacional. As dificultades que se xeran —e que foron superadas en parte

polos restantes países da Europa do Leste—teñen a súa raíz más próxima na depreciación dos tipos de cambio nominais da CEI simultaneamente á liberalización do comercio e da apertura ó exterior, intentan adquirir certa competitividade pola vía do prezo das súas exportacións.

Por outra parte, á crónica depreciación do rublo —o que implica un escaso atractivo como moeda convertible— débeselle engadi-la súa debilidade como referente dunha política monetaria e comercial que non logrou un mínimo consenso entre as repúblicas da CEI sobre integración e cooperación económica que abrange, de igual forma, a esfera monetaria. As decisións do banco central ruso respecto á gradual desaparición do rublo, proposta de finais de xullo de 1993, non favorece a estabilización dunha economía, como a da CEI, que xa tiña comprometidos previamente fondos de asistencia financeira proporcionados por préstamos brandos do Fondo Monetario Internacional e do Banco Mundial nunha cifra próxima, a finais de 1992, a US\$ 45.000 millóns, dos que a metade correspondían a unha soa república: Rusia. Unha cifra, polo demais, que satisfixerá o 75% da débeda externa nominal da CEI (e que produciría un remanente moi significativo se o devandito endebedamento fora negociado nun mercado secundario de capitais) e que, pola contra, serviu para compensar convxunturalmente as contas exteriores e estabiliza-la economía interna cunha diáfana filosofía económica ó servicio do enfoque monetario da balanza de pagamentos e do monetarismo más contumaz que o Fondo Monetario Internacional xa ensaiou en América Latina, nos anos oitenta, con dramáticos custos sociais e de destrucción do tecido industrial interno en prol do modelo de apertura recomendado e aplicado mediante programas de axuste político-económico que se transmutaban en requisitos *sine qua non* da condicionalidade dos préstamos outorgados¹⁰.

4. INTEGRACIÓN, COOPERACIÓN E ASISTENCIA

4.1. A COMUNIDADE EUROPEA PERANTE A EUROPA DO LESTE

Nunhas declaracíons de finais de 1991, J. Delors caracterizou o tipo de relacións entre a CE e a Europa do Leste como parte da "teoría

pacífica das fichas de dominó", que non en vanu lembra a Doutrina Kisinguer aplicada por EEUU na análise das relacións internacionais nos anos setenta e baseada na Doutrina da Seguridade Nacional, de contornos de contención defensiva que impidan o avance, como nunha fervenza de fichas de dominó, do "perigo comunista". Para Delors, en cambio, é a CE a que debe avanzar sobre Europa do Leste, mediante o desenvolvemento de programas de cooperación e asistencia que non só recuperen a economía destes países senón, ademais, que xeren as condicións mínimas que permitan compatibiliza-lo complexo e secuencial proceso de integración europea (mercado único, unión económica e monetaria, unión política) coa ampliación gradual da CE dos 12 ós 24 membros con posibilidades de integración comunitaria a longo prazo¹¹. A ampliación concibese coma un movemento en círculos concéntricos nos que se asociarían as economías que antes se adapten a unha mínima equiparación comunitaria mediante acordos de cooperación e de asistencia nos terreos comercial, financeiro e tecnolóxico. Loxicamente, Polonia, Hungría e Checoslovaquia serían os primeiros candidatos, seguidos a distancia por Romanía e Bulgaria.

Aínda que a concepción de Delors nos parece inxenua, voluntarista, incluso insolidaria polo que ten de mesturanza, e as súas propostas plagadas de obstáculos de envergadura (tanto de equiparación económica como de homologación política), o certo é que algunas decisións da Comisión e do Parlamento Europeo responden a ese obxectivo.

En efecto, a axuda económica implementada pola CE a través da Coordinación do Grupo dos 24 dedicouse, en 1991, a complementa-los créditos do FMI mediante asistencia financeira, ós cinco países do Leste Europeo citados, de arredor de 4.000 millóns de ecus, ó que se debe agregar financiamento adicional de tipo finalista cara á reestructuración económica (785 millóns de ecus), os créditos aprobados polo Banco Europeo de Investimentos (450 millóns de ecus) e outros préstamos CECA destinados a financiar investimentos no sector do carbón e do aceiro¹².

Os fondos de cooperación e asistencia organizáronse por parte da CE no programa PHARE que, a inicios de 1992, interrelacionouse co labor do recentemente creado Banco Europeo de Reconstrucción e Desenvolvemento

(BERD). Ben sexa polos recursos do programa PHARE (próximos ós 785 millóns de ecus en 1991) ou polos medios mobilizados polo BERD (que contou cun capital fundacional, en 1991, de 10.000 millóns de ecus), o certo é que a cooperación non é, en absoluto, incondicional.

Á parte da axuda humanitaria, os programas financiados pola CE e polo BERD responden a unha escala de prioridades que puiden ser discutibles nun contexto internacional equilibrado de correlación de forzas. En efecto, mentres que o programa PHARE incide na eliminación de monopolios estatais, na privatización e na reestructuración das economías beneficiadas co programa para acceder a tramos de financiamento, o BERD complementa o finalismo mencionado co apoio prioritario ó desenvolvemento de infraestructura e a procesos de privatización.

Se cadra un dos efectos perversos non desexados pero realmente latentes sexa o uso nesgado por parte de intereses económicos transnacionais (alleos á autoridade da CE ou do BERD) de fondos oficiais que facilten a xestión depredadora e permitan adquisicións subvencionadas de fontes de recursos, industrias, patrimonio inmobiliario ou control de sectores con certa proxección futura.

A cuestión non é, en absoluto, banal. O acceso a circuitos financeiros privilexiados e comprometidos no proceso de privatizacíons na Europa do Leste puidera canalizar, indiscriminadamente, un efecto desnacionalizador de recursos e sectores productivos en países desvertebrados social e politicamente no perío do de transición e, por tanto, inermes ante o dilema creado pola necesidade apremiante e o atractivo das compensacións infravaloradas.

Incluso, a rapidez das axudas dos países industrializados non responde a unha estratexia solidaria de construcción dunha nova orde económica internacional no contexto da desaparición dos receos da guerra fría, senón á oportunidade política dos seus mentores. As leccións da experiencia de 1992 son moi significativas. A provisión de fondos urxentes destinados á CEI e a outros países da Europa do Leste, discutidos no cume do G-7 e ampliados no G-24, debeuse, primeiro, ás fortes presións do goberno alemán que observa con preocupación, como veremos na seguinte sección, como o proceso de reunificación alemana se ve ameazado pola inestabili-

dade política do contorno de países da Europa do Leste e da CEI sometidos a unha profunda crise económica xa descrita e, segundo, á rápida decisión do presidente Bush para dotar e acelerar aprobación lexislativa dunha axuda a Europa do Leste, en plena campaña electoral, que puidera mobilizar politicamente o voto entre o colectivo de ascendencia polaca, húngara ou rusa, e deixar, neste caso, sen argumento de campaña ó candidato Clinton.

Non obstante, se existe un tema crucial para a Comunidade Europea perante Europa do Leste que compromete e condiciona o proxecto de Unidade Europea é, sen dúbida, a cuestión da reunificación alemana, o que constituirá o contido da próxima sección.

4.2. A DIMENSIÓN COMUNITARIA DA REUNIFICACIÓN ALEMANA E IMPLICACIÓNS DE POLÍTICA REXIONAL

Como vimos, o xiro do Leste Europeo terá importantes repercusións no ámbito da CE e, en particular, sobre a política rexional comunitaria, en sentido amplio, articulada a través dos distintos fondos.

Cabe distinguir, por unha parte, a incidencia da unificación alemana que malia non significar unha auténtica ampliación comunitaria (como ingreso dun novo Estado), si representa unha efectiva ampliación (en territorio, en poboación...) e, por outra parte, os cambios nos restantes países da Europa do Leste e a CEI involucrados nunha transición que require actuacións comunitarias directas.

No que se refire á unificación alemana, en marzo de 1990 subscrbese o histórico acordo de unión RFA-RDA co pronunciamento favorable da CEE. A pesar de que non se tratou dunha ampliación en sentido estricto, a incorporación de Alemaña Oriental esixiu un período de adaptación en tres fases para evitar distorsións no seo da Comunidade mediante un plan elaborado pola Comisión.

Na primeira etapa, a operación centrouse na unión monetaria interalemana e no inicio das reformas socioeconómicas e lexislativas na antiga RDA que facilitara unha gradual equiparación cos niveis de desenvolvemento económico e político da RFA. O impacto da unión foi considerable pois, a pesar das posibilidades da

RDA en sectores que consolidaron avances tecnolóxicos (óptica, electrónica, maquinaria pesada, produtos químicos...) e de certo atractivo para o investimento estranxeiro a realidade mostrou que a incorporación deste territorio á Comunidade aportaba, tamén, un importante atraso estructural que se manifestou, fundamentalmente, nunha escasa infraestructura viaria, nunha insuficiente rede de transportes, nun déficit crónico de vivenda e nun grave deterioro do medio natural, deficiencias que compartía a ex-RDA coa maior parte dos países do Leste Europeo.

Nesta primeira fase, na que se adoptaría o tipo de cambio da unidade monetaria alemana, a CE interveu especialmente en actividades de asistencia técnica e financeira a través do BERD, do Programa Tempus e na participación en operacións de capital-risco e de garantía vinculadas, principalmente, ó proceso de reestructuración industrial e de privatización do sector estatal.

A segunda fase consistiu na unión formal entre as dúas Alemañas plasmndo institucionalmente o acordo de unificación e assumindo o *corpus* xurídico da Comunidade, tanto de disposicións de dereito primario coma derivado, con algunhas excepcións puntuais. Nesta fase, expúxose a cuestión da integración da ex-RDA no mercado interior comunitario, o que supónía serias implicacións político-económicas de ordenación, de carácter estructural e de índole financeira.

Dado o alto volume de investimentos que se dirixirán para a reconstrucción do territorio incorporado, a CE puxo especial énfase na vixilancia sobre empresas comunitarias para que non falsearan o principio de libre competencia.

Ó longo da segunda fase iniciada, a CE dirixirá unha parte moi significativa dos fondos esstructurais cara á ex-RDA. O volume, por suposto, dependerá da clasificación das rexións implicadas en función dos obxectivos das políticas estructurais propostas.

Dada a situación de partida de profundos desequilibrios socioeconómicos e territoriais respecto á Comunidade e, en concreto, en relación coa ex-RFA, é previsible que a medio prazo o espacio económico ou, no seu caso, rexións específicas incorporadas á CE teñan posibilidades en acceder ós fondos destinados a rexións Obxectivo 1 (que ten un PIB *per cápita*

inferior ó 75% da media comunitaria), a Obxectivo 2 (con zonas industriais en declive), a Obxectivo 3 (afectadas de paro de longa duración), a Obxectivo 4 (con serias necesidades de formación de capital humano, especialmente de tipo profesional, para a súa incorporación en economías de mercado) e a Obxectivo 5 (rexións que requiran unha adaptación de estruturas agrarias e promoción de zonas rurais).

A unión alemana, a longo prazo e segundo os expertos comunitarios, aportará unha serie indiscutible de vantaxes á CE, especialmente se a transición económica e política dos países do Leste Europeo e da CEI se acelera e se consolida unha situación de apertura económica e de liberalización interna que estenda o mercado interior cara ó Leste. Alemaña reunificada desempeñarfa, neste caso, un papel de nexo, de ponte, das relacións económicas entre as dúas áreas.

Non obstante, as rexións menos desenvolvidas da Comunidade e os espacios económicos periféricos que non culminaron os seus procesos de equiparación de grao de crecemento económico e de vertebración política e social no seo comunitario, observan con lóxica preocupación a inxente mobilización de recursos financeiros e de asistencia técnica cara á ex-RDA.

A reorientación do destino de recursos limitados por compromisos presupostarios dos Doce supón, para os espacios económicos menos desenvolvidos coma o caso de Galicia, unha perda de medios e unha postergación no cumprimento de obxectivos requiridos desde a adhesión. En efecto, o proceso de recuperación económica da ex-RDA implicará, primeiro, un desvío importante de recursos previstos no FEOGA ó servicio da modernización agraria; segundo, unha masiva actuación do FSE para compensa-los altos niveis de desemprego que se xerarán no rápido proceso de reestructuración industrial; e, terceiro, unha intervención previsiblemente importante do FEDER.

Neste sentido, as expectativas —a curto e medio prazo— para o anel periférico da Comunidade (Irlanda, Portugal-Galicia, Italia Meridional, Grecia...) e os espacios afastados dos eixes más dinámicos da economía europea non poden ser excesivamente optimistas ante a noya posición do centro de gravidade da CEE na Alemaña reunificada que foi a destinataria, no período

1991-1993, dunha axuda da CE de 3.000 millóns de ecus que se administraron pola vía dos fondos estruturais: FEDER, FEOGA (ou) e FSE, ademais dos programas complementarios de fomento comunitario, de apoio financeiro e de reestructuración sectorial (polo vía do BERD, do BEI e da CECA).

Na terceira e última fase, aplicarase integralmente a lexislación comunitaria. Ó respecto, cabería facer unha precisión sobre o carácter "excepcional" da ampliación comunitaria implícita na reunificación alemana pois o *corpus* de lexislación comunitaria de aplicación en tódolos espacios da Comunidade, independentemente do seu grao de desenvolvemento, quedará contrariado no que respecta á relación con terceiros países. En efecto, como a reunificación non implicou formalmente o ingreso dun novo país, seguen vixentes os acordos económicos establecidos pola ex-RDA con terceiros países non comunitarios e, de igual maneira, os acordos suscritos pola CEE con terceiros países e que puideran afectarlle ó territorio da ex-RDA.

En definitiva, se non fora polo interese económico e xeoestratégico da CE e especialmente de fortes grupos económicos da antiga RFA, sorprendería constatar que unha parte do acervo comunitario tan importante como as normas relativas ó arancel común, á política comercial externa e a acordos político-económicos con terceiros países queden excepcional e transitoriamente en suspenso e supeditados á vixencia de acordos e / ou contratos celebrados anteriormente pola ex-RDA con terceiros países.

5. PERSPECTIVAS DA REFORMA ECONÓMICA NA EUROPA DO LESTE

Ó falarmos da Europa do Leste dunha forma xenérica, englobando a Europa Central, Europa Oriental e a CEI —nun conglomerado de casos nos que se desenvolven procesos de transición político-económica desde un sistema centralizado de planificación e cara a economías de mercado— xorde unha cuestión de precisión analítica debido a que a acepción "Europa do Leste" representa a países con economías que posúen características estructurais diversas ademais de seguir específicos programas de reforma económica. Non obstante, a presente

delimitación do obxecto de estudio está consolidada en recentes obras sobre o particular¹³ e, a pesar das especificidades de cada caso, existen varias características político-económicas comúns.

Os programas de reformas implementados en Europa do Leste conteñen medidas relativas á liberalización e á estabilización económica, ás necesarias transformacións institucionais e á ineludible clarificación dos dereitos de propiedade de medios de produción e doutros bens estatais. O núcleo dos programas de reforma posúe, sen dúbida, unha estreita filiación co axuste político-económico propugnado por institucións multilaterais de crédito¹⁴.

A práctica dun programa de reforma económica deste tipo responde, sen embargo, a unha diferente gradación e temporalidade pois a combinación de políticas de ordenación e de políticas económicas específicas, sectoriais e instrumentais, corresponden a unha determinada estratexia de axuste segundo o tramo e a urxencia da reforma económica adaptada. Ó respecto, o xuízo de recentes aportacións ó debate sobre a opción de choque *versus* a opción gradualista non é, en modo ningún, unánime¹⁵.

En efecto, os partidarios dunha vía radical de axuste político-económico, de tratamiento de choque ou *big-bang* (polo seu carácter autenticamente fundacional), xustifican a opción polo necesario impacto requerido nas primeiras etapas da transición co obxectivo da efectiva desmontaxe do sector estatalizado e así esgotar rapidamente as secuencias do proceso de privatización cunha dobre finalidade: por unha parte, eliminar un determinado segmento do déficit público que se consolida —en opinión destes autores— na mesma medida en que se retarda o proceso de reformas; por outra parte, colaborar na creación dunha "masa crítica" de empresarios innovadores e empresas privatizadas que poidan aceleralo *big-bang* do sistema cara a unha economía de mercado en condicións menos precarias.

Os partidarios da vía lenta da reforma económica propugnan, en cambio, un estilo de política económica gradualista no contexto dunha transición que non só ten implicacións técnicas senón, máis ben, de tipo social e, en consecuencia, o proceso adoptado ten que ser necesariamente de cambios cualitativos lentos e evolutivos, cunha política económica implementada gradualmente segundo o cadre de ac-

cións-reaccións da realidade socioeconómica. Defenden, tamén, un gradualismo aplicado simultaneamente en tódolos ámbitos sectoriais e instrumentais da política económica. Neste sentido, o xuízo de R. Mc Kinnon e de J. Kornai son representativos, respectivamente, de ámbalas dúas posicíons¹⁶.

O interese das cuestións formuladas máis alá das singularidades de cada caso e do estilo político-económico defendido vainos permitir unha reflexión sobre certas perspectivas na evolución dunha experiencia histórica incerta como a transición da Europa do Leste.

• **ESTABILIZACIÓN:** O programa-tipo de reforma económica na Europa do Leste está ó servicio do axuste nun dobre sentido: *interno*, mediante a *liberalización e a desregulación* de forzas e pautas de comportamento económico que permitan un maior protagonismo do sector privado nun sistema competitivo; e *externo*, a través dunha *inserción* plena de cada economía da Europa do Leste no mercado mundial.

A este respecto, cabería sinalar que a esencia dos programas de reforma económica responden a unha estratexia de axuste ortodoxo (malia con distintos graos de reestructuración e diferente énfase sectorial) similar ós programas aplicados en Latinoamérica desde 1982 como unha peza clave do condicionamento crediticio do FMI ou do BM, ou como requisito imprescindible solicitado pola banca transnacional para a renovación da confianza crediticia de economías fortemente endebedadas co exterior.

Neste sentido, é preciso subliñar que ó servicio da finalidade estabilizadora da reforma económica do Leste Europeo prégase un estilo de política económica que entraña fortes custos sociais, basicamente en termos de emprego e de custo e calidade de vida.

En efecto, era previsible que, a partir de 1989, se acelerara a taxa de desemprego como un corolario inmediato da parálise das actividades productivas de sectores sacrificados nos primeiros tramos da transición. Sen embargo, o que puido ser considerado como "paro friccional" consolidouse posteriormente debido á recesión do contorno económico internacional e a unha permanente destrucción de emprego na que culminan, a curto e medio prazo, os procesos de privatización.

Esta consecuencia repercute, ademais, sobre a emerxencia dun considerable paro encuberto no antigo réxime de planificación que non fora rexistrado nas estatísticas oficiais, o que fai aínda máis alarmante a (des)información actualmente dispoñible non só respecto ás cifras de desocupación senón, tamén, en torno á estimación de caídas da produción industrial ó eliminarse da "contabilidade social" as producións efectivas no plano pero non requiridas pola demanda global¹⁷.

Respecto á estabilización monetaria, algunhas das medidas adoptadas conteñen, ademais dun considerable custo social, unha evidente ambivalencia dado que a práctica da política monetaria e financeira ó longo da transición presenta logros que poden ser avaliados como obxectivos de estabilización e, simultaneamente, como medios para garantir unha determinada cota de soberanía económica.

Como exemplo moi ilustrativo, a eliminación —decretada en xullo de 1993— dos rublos en circulación emitidos en Rusia antes de 1992 debeuse, en parte, á pretensión en reducir drasticamente a masa monetaria que presionaba sobre unha hiperinflación galopante que alcanzou unha taxa do 250% no primeiro semestre de 1993. Non obstante, a medida de restriccción monetaria constitúe, á súa vez, un medio para alcanza-lo control do movemento do rublo na Europa do Leste e, especialmente, nas repúblicas da CEI que continúan baixo a comunidade de cambio desta moeda pero sen comparti-los dictados dunha política monetaria e financeira común.

En consecuencia, as implicacíons de políticas económicas derivadas da transición do Leste están condicionadas polo comportamento do contorno internacional máis próximo en cada caso. Incluso na actualidade, as relacións comerciais entre repúblicas da CEI con algúns países antigos socios do CAME contabilízanse mediante contas de correspondencia bilateral, con saldos en rublos que se compensan mediante "créditos técnicos" outorgados polo acreedor —xeralmente Rusia e, polo tanto, en rublos— en condicións moi vantaxosas —debido a razóns de tipo político e xeoestratégico— con períodos de gracia de 6 anos, de amortización de 10 anos e cun tipo de interese aproximado ó 0,5% anual, o que representa non só un condicionamiento moi importante para a implementación da políti-

ca monetaria a medio prazo senón, ademais, o estímulo ó crecemento dunha masa monetaria adicional en rublos e en mans de repúblicas fortemente endebedadas con Rusia¹⁸. A "vantaxe relativa" preséntase coa emisión restrictiva de novas e revalorizadas moedas-símbolo nas repúblicas deudoras de Rusia, co que se establece unha relación de troco irreal entre estas e o rublo, e unha lóxica depreciación da divisa rusa que permite infravalorar considerablemente a débeda contraída con anterioridade.

Neste sentido, a coordinación de políticas económicas en áreas de estreita relación económica é un obxectivo ineludible para garantir a desexada estabilización e impedir disturbios monetarios, como os comentados, que provocan *intra-Europa do Leste* unha estructura de tipos de cambios que é un auténtico espellismo e *extra-Europa do Leste* un obstáculo adicional para incentivar o comercio e a cooperación financeira¹⁹.

Sen dúbida, os procesos de transición política-económica desta natureza non constitúen, ó noso xuízo, unha mutación lineal e mecánica desde o "socialismo real" á "economía de mercado" senón a unha ardua e problemática reconstrucción do capitalismo²⁰. Os dilemas e contradicções que se manifestan no intercambio orixínanse nunhas relacións socioeconómicas cuestionadas e presionadas pola adversidade da convivencia internacional e polos efectos depressivos do axuste implícito no estilo de política económica aplicada na transición.

En opinión de Ke-Young Chu, consultor do FMI, "...en última instancia, a reforma axudará os sectores más pobres a medida que medre a economía pero, a curto prazo, durante a transición, as mesmas medidas que teñen por obxecto axudalos a longo prazo repercutirán, de feito, negativamente" e, en consecuencia, "as propias redes de protección social reforzarán a viabilidade política do programa de reforma económica"²¹.

Sen embargo, a desarticulación do gasto público vinculado á trama da protección social é a primeira meta da loita contra o déficit público en economías nas que, ó iniciarse as reformas, descoñecen a posición dos vectores de ingresos e gastos públicos máis alá dos resultados inmediatos da privatización e da eliminación de actividades asistenciais do Estado. En definitiva, estabilización económica e viabilidade

política do proxecto de reformas na transición do Leste Europeo compórtanse como vasos comunicantes cun equilibrio que esixe un *tempus* político-económico necesariamente de curto prazo o que implica perda de perspectiva histórica a unha operación de cambios de rango cualitativo.

• **PRIVATIZACIÓN:** Como sinalamos anteriormente, a modificación do peso relativo entre sector público e sector privado en economías como as do Leste Europeo nas que as empresas de propiedade estatal producían —ata 1989 e segundo datos do *Informe sobre Desarrollo Humano-1993* do Programa de Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD)— arredor do 60-90% do PIB, converteuse nun dos primeiros obxectivos da política económica da transición.

A reestructuración dunha economía dirixida polo planificador (incluso naqueles casos de planificación descentralizada) cara a unha economía de mercado comporta unha transición con frecuencia traumática, en termos productivos e de custos sociais. O proceso de privatización, ben sexa pola creación de novas empresas ou ben a partir dunha transferencia do sector estatalizado da economía, contou na Europa do Leste con experiencias pioneiras en Hungría, Polonia ou a actual República Checa aínda que é un fenómeno relativamente inédito que presenta obstáculos relevantes para a súa materialización no marco da transición²². Neste sentido, dous dos principais problemas da privatización presentanse, ó noso xuízo, en relación ó menoscabo da equidade no proceso e ós riscos da desnacionalización dos sectores productivos afectados.

En efecto, a distribución dos activos (cunha base económica moi vulnerable en condicións de apertura externa debido, en gran parte, á tecnoloxía obsoleta dunha producción interna protexida que non foi depurada, ó longo da "autarquía" da Europa do Leste, con algúns dos filtros das relacións económicas internacionais²³) expón unha cuestión crucial no proceso de privatización: a incapacidade dunha poboación economicamente extenuada para mobilizar recursos financeiros co fin de adquirir pequenas e medianas empresas que non só constitúen a "masa crítica" schumpeteriana (en termos do potencial innovador dos novos empresarios privados) senón, ademais, o ámbito no que o proceso probou unha maior eficacia²⁴.

Non obstante, a experiencia mostrou que a privatización a pequena escala na Europa do Leste supuxo unha "liberalización de licencias para explotación" pero non implicou unha transferencia da propiedade de gran parte dos bens inmobilres sobre os que o Estado (especialmente en Romanía, Bulgaria e algunas repúblicas da CEI) exerce unha servidume recadatoria e de clientela política a través de contratos de aluguer anuais susceptibles de renovación, convertendo o usufructo dos locais nunha arma política a partir dunha difusa propiedade dos mesmos.

A privatización —nun contexto económico crítico como o que atravesa a actual transición e coas implicacións provenientes dun estilo de política económica de axuste estabilizador— produce unha distribución inequitativa e ineficiente dos dereitos de propiedade cara ás capas de ingreso favorecidas polo antigo réxime pois son as únicas que posúen medios financeiros acumulados e a necesaria influencia burocrática nas licitacions e poxas públicas reproduciendo, nalgúns casos, o dominio da mesma "nomenclatura" dirixente nunha peculiar xénesis do Wall Street sobre as ruínas do Telón de Aceiro.

É moi significativa, ó respecto, a entrada de capitais foráneos nos procesos de privatización pois a contrapartida á recepción inmediata de divisas fortes consiste na penetración nalgúns dos sectores productivos estratéxicos para o futuro económico dos países do Leste: sector inmobiliario, sector turístico, de explotación de recursos básicos... e, incluso, a recepción de certas industrias de maquinaria fronteiriza ou contaminantes nas que o custo da oportunidade económica e legal da nova localización é inferior á expectativa de beneficios adicionais futuros do capital transnacional en cada novo investimento.

Neste sentido, os autores puideron constatar persoalmente o interese de investidores alemanes e, especialmente, xaponeses na adquisición de gran parte do sector hoteleiro privatizado e de inmobles de estilo en Romanía e, especialmente, en Bulgaria para o deseño, a longo prazo, dun sector turístico ás beiras do Mar Negro dirixido á demanda europea e a circuitos xaponeses que fose inmune á ameaza integrista norteafricana e á tensión bélica dos centros turísticos da ex-Iugoslavia e de Oriente Medio²⁵.

Realmente, os intereses transnacionais no proceso de privatización da Europa do Leste

víronse beneficiados por partida dobre nas modalidades de transferencias de propiedade practicadas ata a actualidade. En efecto, ás posibilidades de adquisición mediante ofertas, de rápido pagamento e en divisas fortes, a licitadores públicos, debe engadirse o traspaso de activos a propietarios privados mediante bonos, participacións, títulos accionariais... A través de sistemas de poxa, licitacions ou de réxime de copropiedade, permitiuuse o acceso ós dereitos de propiedade tanto ós antigos administradores como ós traballadores de planta.

Sen embargo, o proceso xerou, tamén, a emerxencia dun mercado secundario informal, pois o atractivo dunha liquidez inmediata en divisas fortes, como dicimos, anima a descontar considerablemente o prezo dos activos que son adquiridos por investidores estranxeiros á marxe das necesidades económicas dos países en cuestión.

Por outra parte, as continuas depreciacións —como comentamos anteriormente respecto ás implicacións de política económica de estabilización— supoñen, primeiro, un requisito do realismo cambiario esixido polos programas de axuste recomendados na Europa do Leste polo FMI e, segundo, un abaratamento *de facto* do prezo das adquisicións deste tipo de activos (empresas locais, propiedades inmobiliarias...) que, a súa vez, gozan dun control fiscal inexistente ou, no seu caso, moi favorable cando se posibilita a penetración de investimentos foráneos en empresas mixtas de carácter económico-estratégico ou de alta tecnoloxía.

Así, algúns países do Leste —como hai unha década en América Latina ou na R P China— estableceron *enclaves* que actúan como parques tecnolóxicos para as *joint ventures* ó modo das zonas francas industriais deseñadas en Corea do Sur ou en Taiwan²⁶.

• **COOPERACIÓN:** A axenda do Cume do G-7 (Tokio, xullo de 1993), mostrou que as preocupacións prioritarias das autoridades dos países capitalistas más avanzados estiveron centradas no logro dun consenso que dotara de estabilidade ó comercio internacional, conciliando intereses sectoriais, influencia de áreas segmentadas de comercio e pretensions protectionistas dos principais polos da economía mundial (CEE, EE UU e Xapón). En cambio, o apoio á transición na Europa do Leste —unha

auténtica "travesía no deserto", en palabras de R. Dahrendorf²⁷— tivo unha menor relevancia como mostra a creación dun crédito de US\$ 3.000 millóns para facilita-lo desenvolvemento dos procesos de privatización.

A privatización constituíu, tamén, o obxecto primordial das actividades de cooperación do Banco Europeo de Reconstrucción e Desenvolvemento (BERD). A pesar de que naceu como unha institución ó servicio de proxectos de desenvolvemento da Europa do Leste, o BERD convertíuse, baixo a marca de J. Attali, nun auténtico banco de negocios onde a asesoría a potenciais adquirentes e o apoio financeiro ás operacións de compra de bens privatizados foi tan importante como os investimentos directos nos procesos de estabilización e liberalización económica no Leste europeo.

A peculiar xestión dunha institución multilateral como se dun banco privado transnacional se tratara e a desproporcionada contabilidade de gastos correntes e consuntivos nunha institución de cooperación e apoio ó desenvolvemento forzou a unha intervención do G-7 —que conta co 54% dos votos do Consello de Administración do BERD— para cambiar non só a presidencia senón, máis ben, o estilo dunha política bancaria desde o modelo de banco de negocios a unha entidade de cooperación financeira sobre proxectos de investimento supervisados.

Aínda que a Comunidade Europea participa significativamente no capital fundacional do BERD, desenvolve unha política máis belixeirante cara á Europa do Leste, especialmente nesta etapa histórica na que a transición superpone con tramos moi dificultosos da Unidade Europea.

As perspectivas existentes na CE, a este respecto, para compatibilizar ámbolos dous referentes seguen, con posibles alteracións de calendario, a seguinte secuencia argumental:

A) A posible ampliación comunitaria xera expectativas favorables no eixe Berlín-París-Londres pero, simultaneamente, unha gran desconfianza nos socios periféricos dos Doce. A incorporación de Austria, Finlandia, Suecia e Noruega á Comunidade en 1995, considérase como un factor crucial para desvia-lo centro de gravidade da CEE desde o Sur (situado meridionalmente trala adhesión de Grecia, Portugal e España que, xunto a Irlanda, son os membros

econometricamente máis débiles e que impiden unha converxencia real a medio prazo) cara ó Norte (dirixido cara á plena integración comunitaria no Espacio Económico Europeo).

B) Por razóns obvias de estabilidade política e económica, a Comunidade ten moito interese en facilita-la transición dos países da Europa do Leste, incluída a CEI. A pesar dalgúns excesos retóricos, as actuacións da CE no terreo da cooperación indican que o apoio ós procesos político-económicos de estabilización, liberalización e privatización consubstanciais na transición ten unha dobre finalidade. En primeiro termo, reconstituir modestamente (xa non se trata dun segundo Plan Marshall para o Leste) o crecemento económico dunha extensa zona do planeta e recupera-lo nivel de vida da poboación que permita, por unha parte, fortalecer un potencial mercado de produtos comunitarios e, por outra, impedir la consolidación dun peculiar "Terceiro Mundo" na Europa do Leste que multiplicaría os actuais problemas de inmigración ilegal, xenofobia ou racismo. En segundo termo, a cooperación ó Leste europeo responde a un interese xeoestratégico mediante o apoio a Europa do Leste como un futuro "espacio politicamente normalizado" que sexa un reforzo da Unión Europea Occidental (UEO) e, en consecuencia (como un irónico paradoxo da Historia), da Alianza Atlántica. A ampliación comunitaria de pleno dereito dos países da Europa do Leste móstrase, ó noso xuízo, como un feito totalmente inabordable, incluso a longo prazo.

C) A CE deberá asumi-las contradiccións e problemas suscitados actualmente coas vicisitudes da Unión Política, do Sistema Monetario Europeo, da incorporación da AELC, da reunificación alemana, da intensificación dialéctica dos contrastes Norte/Sur e da posición periférica de espacios económicos no propio seo da Comunidade. Neste sentido, o apoio á transición á CEI adquiriu un lugar secundario nas prioridades de asistencia exterior da CE. Como vimos anteriormente, a gravitación que ten a recuperación da CEI —especialmente de Rusia, Ucraína e Bielorrusia— para a normalización da Europa do Leste (por razóns de complementariedade comercial, de precedentes de comercio

bilateral e de competitividade, así como de mobilidade e prezo de factores produtivos) preséntase como unha *conditio sine qua non* para culmina-los procesos de transición.

D) Amais do cúmulo de problemas apuntados, a CE enfróntase coas dificultades que atra-
vesa a reunificación alemana (como problema comunitario interno e non de cooperación exterior). O proceso de negociación para o reparto dos fondos estructurais da Comunidade no período 1994-1999, baixo o espírito subscrito en Maastricht e en Edimburgo, coincidiu cos desalentadores resultados económicos de Alemaña no primeiro trimestre de 1993. En efecto, a diminución de tres puntos do PIB, respecto ó mesmo período de 1992, constituíu o dato máis alarmante da crise económica alemana cunha profundidade que só pode ser comparada coa de 1975, ano en que impactou a crise do petróleo na RFA. O cadre recesivo complementa o estancamiento con caídas significativas, no mesmo período, dos investimentos de bens de equipo (-14.8%), do consumo privado (-0.9%) e un aumento do número de desempregados (395.000). Non deben sorprender, polo tanto, as presións de Alemaña sobre a CE (xerando suspicacias nos socios economicamente máis atrasados da Comunidade) para incrementa-la súa dotación de Fondos Estructurais programados para finais do milenio; unha dotación de recursos que unía á asignación dos Fondos tradicionais —FEDER, FSE e FEOGA (o)— a articulación de dous instrumentos financeiros que impulsarán o Fondo de Cohesión Social e o IFOP, mecanismo de apoio fiscal orientativo da reconversión de zonas pesqueiras en crise. Neste cadre que aglutina a política estructural comunitaria, Alemaña logrou dotación adicional destinada a 5 landers da ex-RDA e a Berlín Oriental; noutros termos, a reunificación actúa como unha experiencia que pode anticipa-las repercuíons dunha ampliación comunitaria cara ó Leste europeo e que incrementa o rexeitamento dos socios meridionais: Alemaña, outrora a potencia locomotora da CE, accede a fondos orixinalmente deseñados para espacios económicos periféricos perten-
centes, como Galicia e por definición lineal das disparidades, ás "rexións de obxectivo 1".

NOTAS

1. O presente artigo elaborouse no marco do Proxecto de Investigación, dirixido e coordinado polos autores, sobre a *Integración Político-Económica e Cooperación Interrexional: a posición de Galicia no novo contexto da Política Rexional Comunitaria*, auspiciado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.
2. Tanto no título coma no desenvolvemento do presente traballo sostense unha concepción ampla de "Europa do Leste" que corresponde a unha acepción xeneralizada que identifica linealmente a orientación xeográfica continental tanto coa antiga URSS coma cos restantes países europeos do ex-bloque socialista. En sentido estricto, sería necesario expoñer —como mínimo— tres obxectos que corresponderían a Europa Central, Europa Oriental e a CEI. Os referentes analíticos serían ainda máis complexos na súa delimitación e exposición se observámosla división entre as distintas repúblicas da CEI, Checoslovaquia ou a ex-Iugoslavia, o que gañaría en rigor xeográfico na análise pero perderíase nun traballo case inintelixible. En consecuencia, coas precisóns e especificidades de cada caso, optamos por referirnos a Europa do Leste como unha expresión cun contido semántico menos restrictivo e, por tanto, máis compartido que aglutina o caso da CEI cos de Polonia, Checoslovaquia, Hungría, Bulgaria, Rusia, Albania e Iugoslavia. O caso da antiga República Democrática Alemana é moi expresivo debido ó seu singular proceso de transición, simultáneo á reunificación coa República Federal.
3. Cf., ó respecto, Fondo Monetario Internacional: *Boletín del FMI*, 21/X/1991. Non obstante cabe sinalar que as proxeccións do FMI sobre a conjuntura económica mundial tenden a estar, en xeral, sobrevaloradas cando iso contribúe a fundamentar prognósticos más optimistas sobre as perspectivas económicas das áreas analizadas. O caso de América Latina é moi significativo. O Fondo —na fonte anteriormente citada— sostinha que o PIB latinoamericano no triénio 1989-1990-1991 medrou con taxas anuais de 5.4, 5.5 e 5.1 por cento, respectivamente. Para a Comisión Económica para América Latina (*Balance Preliminar de Econo-*

- mía de América Latina y el Caribe, Santiago de Chile, decembro 1991), as variacións porcentuais de crecemento respecto ó ano anterior foron, para os tres exercicios citados, de 1.3, 0.3 e 3.0 por cento.
4. Comisión das Comunidades Europeas: *Reforcer la croissance et ameliorer la convergence*, Bruxelas, 4/XII/1991. O Informe ten unha dobre funcionalidade pois, por unha parte, sinala as consecuencias e previsións —en termos de produción, investimento e emprego— sobre a conformación do Mercado Único Europeo e, por outra, anticipa perspectivas e fixa prioridades da política económica da Comunidade Europea ó servicio da converxencia económica e da plena instrumentación dos mecanismos integradores previstos tanto na Acta Única coma nos Acordos de Maastricht.
 5. Coas reservas indicadas sobre a fiabilidade dos datos anuais subministrados polo *Informe sobre Desarrollo Mundial*, do Banco Mundial, ámbalas dúas porcentaxes móstrannos, primeiro, que o producto *per cápita* promedio do bloque socialista representou case as dúas terceiras partes do promedio mundial e, segundo, que dita proporción foi aínda máis desfavorable respecto ás áreas más dinámicas da economía internacional (unha décima parte do promedio de Xapón e EEUU, e unha sexta parte do producto *per cápita* da CEE).
 6. Cf., ó respecto, *The World Bank Atlas*, Banco Mundial, Washington, anos 1990, 1991 e 1992. Sen embargo, é significativo deixar constancia de que a información estatística disponible localiza no sector agrario a fonte que xera entre o 12 e o 18 por cento do PNB como promedio dos países da Europa do Leste en 1990. Esta posición intermedia logrouse historicamente, como é sabido, por un enorme esforzo industrializador nas últimas décadas ata o punto de que a URSS contou cun impulso do sector secundario no período 1960-1980 cifrado nun crecemento sectorial anual do 5% acumulativo. Aínda que este resultado favoreceu unha perda da influencia estacional do sector primario no crecemento económico e consolidou a posición da URSS como país industrializado, en cambio supuxo, de igual forma, unha serie de desequilibrios productivos internos que se manifestaron de forma dramática nos últimos anos: desabastecemento de produtos alimenticios, dificultades de adquisición de certos insumos primarios por parte da oferta, de desequilibrios crónicos do comercio exterior agrario e sorprendente dependencia (económica e política) das importacións de gran arxentino, canadense ou norteamericano (incluso para semente).
 7. Cf., Fondo Monetario Internacional: *Perspectivas de la Economía Mundial*, maio 1991, p. 33, esp. C.7.
 8. É preciso reitera-las precaucións sobre os datos estatísticos utilizados e que deben ser atendidos polo lector como expresión de tendencias. Nunha nota anterior xa advertimos sobre o sorprendente contraste entre a información empírica disponible polo FMI e CEPAL sobre o crecemento económico en América Latina. Para a análise política-económica dos países do Leste Europeo utilizamos dúas fontes que corresponden ós bancos de datos do Fondo Monetario Internacional e de Nacións Unidas, difundidos polos respectivos e últimos anuarios ós que tivemos acceso da Dirección de Estatísticas de Comercio Exterior e da UNCTAD (FMI: *Direction of Foreign Trade Statistics*, Nova York, 1991) e UNCTAD (*Commodity Yearbook*, Nova York, 1991). Ámbalas dúas fontes se utilizaron na elaboración do presente traballo e así se citan nos cadros correspondentes nos que, por outra parte, xa advertimos algúns dos errores comprobados que, amais de diferentes cuantificacións segundo a fonte de partida, fan referencia a inexplicables e amplas diferencias entre 'valores totais' e 'sumas de valores parciais' con marxes non especificados que poden constituír ata o 25% da cuantificación en cuestión. Incluso a suma de proporcións mediante porcentaxes dunha magnitud base non alcanza, sorprendentemente, o 100%.
 9. *Boletín del FMI*, Vol. 21, Nº 1, 13/I/1992.
 10. Cf., ó respecto, J. R. García Menéndez: *Política Económica y Deuda Externa en América Latina*, Ed. IEPALA, Madrid, 1989, esp. pp. 109-275.
 11. Cf., *El País*, 15/IX/1991, p. 4.
 12. As cifras proporcionadas na presente sección do traballo corresponden ó *XXV Informe General sobre Actividad de las Comunidades Europeas*, Bruxelas, 1991, esp. pp. 279 e ss.
 13. Cf., ó respecto, W. Brus: *Histoire Economique de l'Europe del Est (1945-1988)*, Ed. La Découverte, Paris, 1986; o, máis recentemente, W. Andreff: "Reforma o mutación del sistema económico", en VV.AA.: *Europa del Este ante*

- el cambio económico*, Colexio de Economistas, Madrid, 1991, pp. 103-125. E. Palazuelos refírese, en cambio, á "...quiebra do sistema económico de tipo soviético" cando analiza o fundamento económico da ex-URSS e de Europa oriental, en *Determinantes del cambio en las economías del Este*, ibid., esp. p. 18. Pola súa parte, B. Bastida utiliza a terminoloxía empregada nos informes comunitarios baixo as siglas PECO (países de Europa Central e Oriental e, no seu caso, a CEI), en "La economía de los países del Este: un programa pendiente", *Debats*, nº 40, 1992, pp. 121-125.
14. Véanse as aportacións de A. Solimano (Banco Mundial): "Diversidad en la reforma económica: experiencias recientes en economías de mercado y en economías socialistas" e de M. Gutián (Fondo Monetario Internacional): "El proceso de ajuste y la reforma económica: diferencias aparentes y reales entre Este y Oeste", *Pensamiento Iberoamericano*, nº 22-23, xullo 1992-xuño 1993, tomo I, pp. 59-100 e pp. 113-138, respectivamente.
 15. Cabe sinala-las seguintes obras de J. Kornai: *The Road to a Free Economy*, W.W. Norton and Co., New York, 1990; de R. Mc Kinnon: *The Order of Economic Liberalization*, J. Hopkins Univ. Press, Baltimore, 1991; e a completa compilación de S. Zecchini e P. Marer [ed.]: *The Transition to a Market Economy*, OCDE, París, 1991, 2 vols.
 16. Cf., ó respecto, J. Kornai, op. cit., da que se atopa traducción como *El camino hacia una economía libre. La transición de los países del Este*, Ariel, Barcelona, 1991. Sobre os problemas político-económicos relativos a transicións rápidas vs. graduais e de como contabilizar e supera-la crise económica desde un punto de vista ortodoxo, cf. E. Borensztein: *The Strategy of Reform in the Centrally Planned Economies of Eastern Europe*, FMI, Washington, 1993; e S. Kane: "Reforma de las economías de planificación centralizada", *Boletín del FMI*, 16/VIII/1993, pp. 241 e 247-251.
 17. Á parte de anteriores referencias sobre problemas de información estatística disponible da Europa do Leste, cf. W. Andreff: "Sobre la medida estadística de la crisis", en VV.AA.: *Europa del Este ante el cambio económico*, op. cit., pp. 411-422. Incluso o propio Andreff (p. 420) é partidario dunha coñecida tese de A. Nove (autor, por outra parte, de autorizadas compilacións sobre o cálculo económico nunha economía planificada) que defende a existencia dun *equal cheating* ou "engano constante" nos datos facilitados polas autoridades económicas dos países do Leste que debe ser assumido como unha regra propia de interpretación da información empírica por parte do investigador e perante as dificultades dos quebracabezas estatísticos cos que se enfrentan os ex-sovietólogos.
 18. Nun traballo anterior xa nos referimos ós problemas comerciais e financeiros provocados polo sistema aplicado no CAME (J. R. García Menéndez: *Impacto de la Ampliación Comunitaria Meridional sobre las relaciones económicas eurolatinoamericanas*, Traballo de Investigación, Universidade de Santiago, 1988, inédito, 2+289 pp.). Especialmente na sección 3.3.2., "Las dificultades en las relaciones comerciales entre América Latina y los países de comercio de Estado", pp. 55-64, mencionámos-los obstáculos xerados tradicionalmente no comercio cos países do CAME, algúns dos que se herdan na actual transición como un lastrante legado do peculiar sistema de convenios bilaterais de comercio, con contas de compensación externa en bancos internacionais para facer fronte ós compromisos adquiridos nos "créditos técnicos" recíprocos (coñecidos como *swings*, na terminoloxía financeira internacional) e que son esenciais nun comercio praticamente de troco mercantil, con lista pechada de bens comercializados pero que posuían disímiles estruturas de custos na súa orixe o que permitiu, *de facto*, prácticas de *dumping* no marco do bilateralismo comercial. Ó noso xuízo, este tipo de consecuencias debidas a unha auténtica materialización do *dumping* con altos custos sociais constitúe unha das claves actuais do comercio de Occidente cos NIC's do Sueste Asiático e coa R P China.
 19. En termos similares debe ser considerada a decisión oficial en Cuba de despenaliza-la posesión e emprego do dólar americano como un aliciente á entrada de capital externo, á repatriación de capitais e a unha maior inserción da economía cubana no comercio mundial. Non obstante, a tenencia de dólar americano en Cuba (como na Europa do Leste de rublos emitidos a partir de 1993) provocará unha maior diferenciación social e, polo tanto, un custo social adicional, que é unha consecuencia xenuina, non esquece-la transición ó capitalismo.

20. Cf., de modo paralelo, o cambio de actitude oficial perante o significado dun termo tan emblemático na transición como "perestroika": desde a <autocrítica> do pasado feita desde o propio sistema económico de planificación como tributo para a supervivencia do sistema político reformado (M. Gorbachov: *Perestroika*, Grijalbo, Barcelona, 1987, esp. pp. 17 e ss.) á <aposta> incondicional pola ruptura económica capitalista que fai inevitable un profundo cambio político (A. Aganbegyan: *La perestroika económica*, Grijalbo, Barcelona, 1989, esp. pp. 69 e ss.).
21. En S. Kane: "Transición a una economía de mercado: la experiencia del FMI", *Boletín del FMI*, 2/VIII/1993, p. 225. Cf., ademais, a recente compilación auspiciada polo FMI, en V. Tanzi [comp.]: *Transition from Central Planning to Market Economies*, IMF, New York, 1993; unha publicación que complementa os dous volumes recopilados por Marer e Zecchini co apoio editorial da OCDE. Desde un punto de vista académico cabe destacar, neste momento, o rigor e a profesionalidade de Vito Tanzi no estudo e a divulgación dalgúns dos problemas máis apremiantes da economía contemporánea, desde a economía oculta ó déficit público e á cuestión da reforma económica do Leste.
22. Cf., as interesantes observacións de W. Andreff: "El largo proceso de privatización en Europa del Este: obstáculos y balance preliminar", *Información Comercial Española*, nº 717, maio 1993, pp. 123-141.
23. Cf., ó respecto, B. Bastida: "Las condiciones del atraso tecnológico en la URSS", *Información Comercial Española*, nº 674, outubro 1989, esp. pp. 121 e ss.
24. En palabras de R. Frydman e A. Rapaczynski, "parte da razón pola que a <privatización en pequena escala> conseguió un éxito relativo nalgúns países é que suscita poucos dos problemas, enormemente complexos, da xestión empresarial, endémicos en tódolos intentos de reforma das grandes industrias", en "La privatización en Europa Oriental: ¿está retrocediendo el Estado?", *Finanzas y Desarrollo*, vol. 30, nº 2, xuño 1993, p. 10.
25. Neste sentido debe interpretarse o interese do capital estranxeiro pola costa de Burgas, de Constanza ou de Varna. Ó respecto, cabería citar a Claudio Magris (*El Danubio*, Anagrama, Barcelona, 1988, p. 351) cando evoca ó Mar Negro como "...a imaxe dun deserto acuático, dun gran estanque opresivo, un lugar de exilio, de invernos e soildades (...). A temporada de balneario das célebres praias entre Constanza e Mamaia, cos seus hoteles e turistas, non altera a maxia do nome, <esas augas que ás veces parecen negras, como se a noite tivese nelas a súa cuna> escribe Vintila Horia..."
26. Véxanse, ó respecto, os interesantes comentarios, no límitar da transición, de M. García e T. Sidorenko: "La inversión extranjera y la apertura económica en la Unión Soviética", *Comercio Exterior*, nº 8, agosto 1991, pp. 733-741. É destacable que na Europa do Leste, na actualidade, como fai unha década en América Latina, existe unha influínte corrente académica e política de filiación neoliberal que está autenticamente fascinada polo éxito económico dos NIC's do Sueste Asiático, dos que se pretende copia-lo seu modelo para efectua-lo despegue económico. Como xa manifestamos nun traballo anterior (J. R. García Menéndez: "Geoestrategia y Apertura Económica: los NIC's asiáticos", *Revista GEOSUR*, nº 99-100, 1988, monografía, 2+45 pp.), o espallismo da prosperidade económica destes casos oculta non só os singulares condicionamentos do modelo aplicado senón, ademais, a imposibilidade de reproducilo nun contexto idéntico de forzas económicas internas e de relacións económicas e políticas internacionais.
27. Cf., R. Dahrendorf: *Reflexiones sobre la revolución en Europa*, Emecé Ed., Barcelona, 1991. O termo "revolución" para caracterizar os cambios cualitativos dos procesos de transición política e económica foi utilizado, tamén, por K. S. Karol (*Un año de revolución en el país de los soviets*, Ed. El País-Aguilar, Madrid, 1989) e M. Castells (*La nueva revolución rusa*, Ed. Sistema, Madrid, 1992). Máis alá das acepcións do termo en politoloxía —que teñen unha estreita relación co seu significado de cambio profundo e brusco, de ruptura da orde establecida— a variedade de perspectivas presentadas polos principais analistas e a carga semántica pretendidamente omnicomprensiva como suxire un fenómeno de múltiples lecturas (económica, política, social, cultural...) pode levarnos a un concepto máis próximo á noción kuhniana de "revolución" paradigmática. Os problemas radicarían, polo tanto, en localiza-la posición do paradigma emerxente (neste caso, a recuperación)

ción do paradigma liberal-capitalista, se se me permite a denominación, cuestionado en 1917 e 1945 na URSS e na Europa do Leste) e en situar, así mesmo, a posición do paradigma que inspirou ó "socialismo real" e que, derrotado polo cúmulo de anomalías da realidade socioeconómica na que foi aplicado, mantén un lugar secundario pero á expectativa ante a evolución do paradigma agora dominante. Esta versión, aquí esquematizada, nega a premisa maior das teses actualmente difundidas sobre a "fin da

História" e avoga, en cambio, por unha introspección crítica do paradigma cuestionado para descubrir, no seu caso, potencialidades analíticas que permitan explicar non só as anomalías precedentes e futuras senón, tamén, dilucida-las raíces profundas non da "fin da Historia", como proclama F. Fukuyama, senón da "vinganza da Historia" en palabras de A. Callinicos (*The Revenge of History: Marxism and the East European Revolutions*, Polity Press, Cambridge, 1991).

ANEXO

	PIB REAL		INFLACIÓN		DESEMPREGO	
	1991	1992	1991	1992	1991	1992
EEUU	-0.5	2.2	3.8	3.0	6.7	6.7
Xapón	4.5	2.4	2.2	2.1	2.2	2.3
Alemaña	3.2	1.8	4.4	4.5	4.6	5.0
Francia	1.4	2.1	2.8	3.0	9.4	10.1
Italia	1.0	2.0	7.1	5.8	10.9	10.8
Reino Unido	-1.9	2.2	6.2	4.2	8.7	9.9
Total OCDE	1.1	2.2	4.2	3.7	7.1	7.4

Fonte: OCDE/*Economía Hoy*, 30.

Cadro 1

PERSPECTIVAS ECONÓMICAS DOS PAÍSES DA OCDE

(Taxes en porcentaxe)

	Poboación (millóns de hab.) (1)	1989 Distrib. Porcentual (2)	Producto Nacional Bruto Total (US \$) (miles de millóns) (3)	Distrib. Porcentual (4)	Índice pnb (a) ((5)=(4)/(2))	PNB/m hab. 1989 (6)	(US\$) 1990 (7)
Países do Leste	426	8,18	—	—	—	—	—
URSS	288	5,53	512; 2658	—	—	(b)	—
						1780;	
						9230	
Europa Orient.	138	2,65	346	1,66	62,6	2507	
Polonia	38	0,73	72	0,35	47,9	1890	1700
Checoslovaq.	16	0,31	54	0,26	83,9	3450	3140
Hungría	11	0,21	28	0,13	61,9	2620	2780
Bulgaria	9	0,17	24	0,12	70,6	2628	2210
Romanía	23	0,44	40	0,19	43,2	1730	1640
Alemaña Orient.	17	0,33	58 (b)	0,28	84,8	3412	—
Iugoslavia	24	0,46	70	0,34	73,9	2940	3060
CEE	326	6,26	4975	23,87	381,3	15260	—
USA e Canadá	275	5,28	5701	27,35	518,0	20730	—
Xapón	123	2,36	2931	14,06	595,8	23830	—
A L e Caribe (c)	421	8,09	823	3,95	48,8	1955	—
				29,11	41,7	1669	—
Resto Mundo	3635	69,83	6067				
Total Mundial (d)	5206	100,00	20843	100,00	100,00	—	—

(a) pnb = producto nacional bruto por habitante PNB = Producto Nacional total; pnb mundial = 100,0.

(b) Segundo o Atlas 1991 do Banco Mundial, as estimacións do PNB per cápita da URSS van desde US \$ 1780 (*La Economía de la URSS, 1990, Informe conxunto do BM, FMI e BERD*) ata US \$ 9230 (*Manual de Estatísticas Económicas, 1990, CIA*), o que fai varia-lo PNB.

(c) Valor estimado supoñendo un índice do PNB por habitante igual ó de Checoslovaquia.

(d) Non inclúe Cuba.

(e) Non inclúe á URSS, Corea do Norte, Albania, Namibia e outros países e territorios con menos de 1 millón de habitantes. O total difire do dado polo BM (US \$ 20736) pola inclusión dos datos de Romanía e Alemaña Oriental.

Fonte Orixinal: Banco Mundial. *Informe sobre el Desarrollo Mundial, 1991.*

Cadro 2
DIMENSIÓN ECONÓMICA DE EUROPA ORIENTAL, URSS

	1976-80	1986-89	1987	1988	1989	1990 (estimación oficial)
PMN	4.3	2.7	1.6	4.4	2.5	-4.0
do que:						
Industria	5.1	4.2	4.6	6.3	0.4	—
Agricultura	-0.2	2.4	-1.4	2.5	1.7	—
Construcción	3.1	6.6	5.5	7.6	1.6	—
Transporte e comunic.	3.8	0.8	0.3	5.8	-6.5	—
Consumo privado	4.2	3.4	2.7	3.9	5.3	3.0
Investimento fixo neto	2.6	-1.1	5.7	-7.4	-6.7	-20.0

Fonte orixinal: FMI, BM, OCDE e BERD, *La Economía de la Unión Soviética*, 1990. Tomado de *Trimestre Económico*, N° 23, Xullo-Setembro, 1991.

Cadro 3
PRODUCTO MATERIAL NETO E GASTO NA URSS
(Crecemento medio porcentual anual; prezos comparables) (a)

(a) Isto é similar, pero non idéntico, ó concepto occidental dos prezos constantes. É de sinalar que se cre, xeralmente que as estatísticas oficiais soviéticas subestiman a inflación e por tanto sobreestiman o crecimiento real do producto e os gastos.

	Poboación (millóns de hab.)	Área (miles de Km ²)	PNB (miles de millóns US \$)	PNB <i>per cápita</i>	Recursos
Rusia	149,8	147.300,0	775,2	5173	ferro, carbón, petróleo, ouro, platino, cobre, cinc, met. preciosos
Ucraína	52,5	603,7	219,7	4184	carbón, ferro, químicos, terras cultivables
Bielorrusia	10,4	207,6	55,1	5309	carbón de turba, madeira
Acerbaixán	7,2	86,8	24,0	3340	petróleo, gas, ferro, ouro, bauxita, cinc, cobre, prata
Kazakhistán	16,8	2.717,0	55,8	3313	carbón, petróleo, tungsteno, manganeso, cobre, cinc, chumbo
Uzbequistán	20,4	447,4	49,9	2448	petróleo, gas, carbón, cobre
Tadjekistán	5,3	143,1	10,9	2080	carbón, petróleo, chumbo, cinc, met. preciosos
Kirguicia	4,4	198,5	11,8	2694	petróleo, madeira
Tukmenia	3,6		10,9	3009	petróleo, carbón, xofre, magnesio
Moldavia	4,4	33,7	15,1	3418	lignito, xeso
Armenia	3,3	29,8	14,0	4195	cobre, cinc, bauxita

Fonte: PLANECON, "Fortune estimates", *Fortune*, 23 de setembro de 1991

Cadro 4
CADRO COMPARATIVO REPÚBLICAS MEI

	1984	1986	1988	1989	1990
Totais	40823	43303 (b)	49511 (c)	50238 (d)	49649 (e)
<i>Países industriais</i>	23362	18255	21137	22880	28555
CEE	16549	12027	13793	14932	19543
Alemaña	4574	3889	3558	4061	6680
Resto	6813				9012
Estados Unidos	546				1062
Xapón	1262				3064
<i>Países en desenvolvimento</i>	4186	4354	5753	6263	7013
África	537	491	543	641	685
Asia	2613	2631	3923	4323	4757
Europa *	347	358	470	525	656
Oriente Medio	416	687	653	597	688
A L e o Caribe	273	187	164	177	227
<i>Países de E O</i>	13276	15188	14492	13531	10874
Checoslovaquia	4007	4736	4558	4237	2864
Hungría	2151	2696	2136	1781	1494
Polonia	3834	3239	3446	2625	2065
Romanía	1498	2813	2705	2848	2207
Iugoslavia	1786	1704	1647	2040	2244

- (a) Valores FOB para este e os demais países considerados.
- (b) Suma de parciais: 37797. Dif. non explicada na fonte: 5556.
- (c) Suma de parciais: 41382. Dif. non explicada na fonte: 8129.
- (d) Suma de parciais: 42674. Dif. non explicada na fonte: 7564.
- (e) Suma de parciais: 46442. Dif. non explicada na fonte: 3207.

* Do grupo Europa considerado polo DOTS como países en desenvolvemento excluíronse Checoslovaquia, Hungría, Polonia, Romanía e Iugoslavia, quedando no devandito grupo Chipre, Malta e Turquía.
 Entre as partes do comercio mundial non incluídas nos datos do DOTS está o comercio entre os países que conforman o grupo "URSS e outros países non membros non incluídos separadamente", que son os seguintes: Bulgaria, Alemaña Oriental, Cuba, Mongolia e Corea do Norte. Diversos factores determinaron discrepancias entre os totais mundiais e rexionais e as súas partes, en varios casos.

Fonte orixinal: FMI, *Direction of Foreign Trade Statistics*, 1991 (DOTS = Direction of Trade Statistics).

Cadro 5

URSS. DISTRIBUCIÓN SEGUNDO DESTINO DAS EXPORTACIÓN TOTAIS (a) NO PERÍODO 1984-1990
 (millóns de US \$ dólares)

	Proporcionés en exportacións totais (a)		Taxas de crec.
	1984	1986	1990
<i>Países industriais</i>	57,2	57,5	3,4
CEE	40,5	39,3	2,8
Alemaña	11,2	13,5	6,5
Resto	16,7	18,2	4,8
Estados Unidos	1,3	2,1	11,7
Xapón	3,1	6,2	15,9
<i>Países en desenvolvemento</i>	10,3	14,1	9,0
África	1,3	1,4	4,1
Asia	6,4	9,6	10,5
Europa *	0,9	1,3	11,2
Oriente Medio	1,0	1,4	8,7
A L e o Caribe	0,7	0,5	-3,0
<i>Países de E O</i>	32,5	21,9	-3,3
Checoslovaquia	9,7	5,8	-5,4
Hungría	5,3	3,0	-5,9
Polonia	9,4	4,2	-9,8
Romanía	3,7	4,4	6,7
Iugoslavia	4,4	4,5	3,9

(a) En 1990, o total DOTS de exportacións é superior á suma dos parciais. Por tanto, as proporcións non suman 100, senón 93,5.

* Do grupo Europa considerado polo DOTS como países en desenvolvemento excluíronse Checoslovaquia, Hungría, Polonia, Romanía e Iugoslavia, quedando no devandito grupo Chipre, Malta e Turquía.

Entre as partes do comercio mundial non incluídas nos datos do DOTS está o comercio entre os países que conforman o grupo "URSS e outros países non membros non incluídos separadamente", que son os seguintes: Bulgaria, Alemaña Oriental, Cuba, Mongolia e Corea do Norte. Diversos factores determinaron discrepancias entre os totais mundiais e rexionais e as súas partes, en varios casos.

Fonte: Datos do Cadro 5.

Cadro 6
URSS. DISTRIBUCIÓN SEGUNDO DESTINO DAS EXPORTACIÓNSEGUNDO DESTINO
E TAXAS DE CRECIMENTO
(Porcentaxes)

	1984	1986	1988	1989	1990
Totais (DOTS)	46393	52309	62578 (a)	67717 (b)	64894 (c)
<i>Países industriais</i>	24009	22625	27135	20991	35063
CEE	10818	10658	13133	15148	21092
Alemaña	4180	4752	5904	6763	13038
Resto	13191				13971
Estados Unidos	3612	1372	3033	4698	3396
Xapón	2766	3496	3444	3376	2819
<i>Países en desenvolvimento</i>	6744	6088	7710	9990	11256
África	429	564	584	641	724
Asia	3794	4025	4628	5847	6262
Europa *	188	196	327	364	407
Oriente Medio	417	579	735	1584	2632
A L e o Caribe	1916	724	1436	1554	1231
<i>Países de E O</i>	15639	17463	17859	16880	13787
Checoslovaquia	4107	4857	5508	4855	3317
Hungría	2839	3418	3035	2660	2121
Polonia	3791	3143	3723	3596	3682
Romanía	1825	2610	3054	2800	1672
Iugoslavia	3077	3435	2540	2969	2995

(a) Suma de parciais: 52704. Dif. non especificada: 9874..

(b) Suma de parciais: 57861. Dif. non explicada: 9856.

(c) Suma de parciais: 60106. Dif. non explicada: 4788.

* Do grupo Europa considerado polo DOTS como países en desenvolvemento excluíronse Checoslovaquia, Hungría, Polonia, Romanía e Iugoslavia, quedando no devandito grupo Chipre, Malta e Turquía.

Entre as partes do comercio mundial non incluídas nos datos do DOTS está o comercio entre os países que conforman o grupo "URSS e outros países non membros non incluídos separadamente", que son os seguintes: Bulgaria, Alemaña Oriental, Cuba, Mongolia e Corea do Norte. Diversos factores determinaron discrepancias entre os totais mundiais e rexionais e as súas partes, en varios casos.

Fonte orixinal: FMI, *Direction of Foreign Trade Statistics*, 1991.

Cadro 7

URSS. PROCEDENCIA DAS IMPORTACIÓNS NO PERÍODO 1984-1990 (d)
(millóns de US \$)

(d) Valores CIF neste e os demais países considerados.

	Proporcionés en importacións totais (a)		Taxas de crec. %
	1984	1990	1984-90
<i>Países industriais</i>	51,8	54,0	0,7
CEE	23,3	32,5	5,7
Alemaña	9,0	20,1	14,3
Resto	28,5	21,5	-4,6
Estados Unidos	7,8	5,2	-6,5
Xapón	6,0	4,3	-5,4
<i>Países en desenvolvemento</i>	14,5	17,3	3,0
África	0,9	1,1	3,4
Asia	8,2	9,6	2,7
Europa *	0,4	0,6	7,0
Oriente Medio	0,9	4,1	28,8
A L e o Caribe	4,1	1,9	-12,0
<i>Países de E O</i>	33,7	21,2	-7,4
Checoslovaquia	8,9	5,1	-8,9
Hungría	6,1	3,3	-9,7
Polonia	8,2	5,7	-5,9
Romanía	3,9	2,6	-6,5
Iugoslavia	6,6	4,6	-5,8

(a) A suma dos parciais non da 100.

* Do grupo Europa considerado polo DOTS como países en desenvolvemento excluíronse Checoslovaquia, Hungría, Polonia, Romanía e Iugoslavia, quedando no devandito grupo Chipre, Malta e Turquía.

Entre as partes do comercio mundial non incluídas nos datos do DOTS está o comercio entre os países que conforman o grupo "URSS e outros países non membros non incluídos separadamente", que son os seguintes: Bulgaria, Alemaña Oriental, Cuba, Mongolia e Corea do Norte. Diversos factores determinaron discrepancias entre os totais mundiais e rexionais e as súas partes, en varios casos.

Fonte: Datos do Cadro 5.

Cadro 8

URSS. PROCEDENCIA DAS IMPORTACIÓNIS NO PERÍODO 1984-1990 (PORCENTAXES)

ANOS	PIB %
1988	1,2
1989	-0,9
1990	-8,6
1991	-1,5
1992	2,8
1993-96	4,4

Fonte orixinal: *Perspectivas de la Economía Mundial*, FMI, 1991.

Cadro 9

VARIACIÓNS ANUAIS DO PIB REAL EN EUROPA ORIENTAL (a) NO LAPSO 1988-91 E PROXECCIÓNIS

(a) Inclúe Polonia, Hungría, Checoslovaquia, Bulgaria, Romanía e Iugoslavia.

PAÍSES	1970	%	1984	1988	1989	%
Totais	18,09	100,0	83,07	103,33	98,75	100,0
Polonia	3,55	19,6	11,15	13,96	13,16	13,3
Checoslovaquia	3,79	21,0	11,77	14,90	14,45	14,6
Hungría	2,32	12,8	8,56	9,97	9,58	9,7
Bulgaria	2,00	11,1	12,85	17,22	16,01	16,2
Romanía	1,85	10,2	12,65	14,25	11,58	11,7
Alemaña Oriental	4,58	25,3	24,84	32,21	33,02	33,4
Albania	—	—	0,65	0,82	0,95	1,0
Totais sen Alemaña Oriental	13,51	—	58,23	71,12	65,73	—

Fonte orixinal: UNCTAD, *Commodity Yearbook*, Nacións Unidas, Nova York, 1991.

Cadro 10
EXPORTACIÓNS TOTAIS DE EUROPA ORIENTAL NOS ANOS 1970, 1984, 1988 E 1989
(miles de millóns de US \$ e porcentaxes)

	EXPORTACIÓNS				IMPORTACIÓNS			
	Distrib. Porcentual		Taxas de Crecemento		Distrib. Porcentual		Taxas de Crecemento	
	1970	1989	1970-84	1984-89	1970	1989	1970-84	1984-89
Totais	100,0	100,0	11,0	2,5	100,0	100,0	10,3	1,2
Polonia	26,3	20,0	8,9	2,3	26,5	17,7	8,0	-1,1
Checoslov.	28,0	22,0	8,4	4,2	27,3	25,0	8,3	4,8
Hungría	17,2	14,6	9,8	2,3	18,4	15,4	8,7	1,7
Bulgaria	14,8	24,4	14,2	4,5	13,4	26,1	14,8	3,2
Romanía	13,7	17,6	14,7	-1,8	14,4	13,9	12,6	-5,1
Albania	—	1,4	—	7,9	—	1,9	—	8,5

Fonte: Datos do Cadro 10.

Cadro 11
DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DAS EXPORTACIÓNS E IMPORTACIÓNS TOTAIS DA EUROPA ORIENTAL
SEN ALEMAÑA ORIENTAL E TAXAS DE CRECIMENTO
(en porcentaxes)

O ámbito internacional e as implicacións político-económicas da transición na Europa do Leste

PAÍSES	1970	%	1984	1988	1989	%
Totais	18,46	100,0	76,73	95,48	88,69	100,0
Polonia	3,61	19,6	10,64	12,24	10,09	11,4
Checoslovaquia	3,70	20,0	11,29	15,01	14,27	16,1
Hungría	2,51	13,6	8,09	9,37	8,80	9,9
Bulgaria	1,83	9,9	12,71	16,59	14,88	16,8
Romanía	1,96	10,6	10,33	10,16	7,95	9,0
Alemaña Oriental	4,85	26,3	22,94	31,13	31,59	35,6
Albania	—	—	0,73	0,98	1,10	1,2
Totais sen Alemaña Oriental	13,61	—	53,79	64,35	57,10	—

Fonte orixinal: UNCTAD, *Commodity Yearbook*, Nacións Unidas, Nova York., 1991.

Cadro 12
IMPORTACIÓNES TOTAIS DE EUROPA ORIENTAL NOS ANOS 1970, 1984, 1988 E 1989
(miles de millóns de US \$ e porcentaxes)

	1988	1989	1990	1991	1992
EUROPA ORIENTAL (a)					
Taxa de infalción % (b)	44,3	139,0	149,7	78,0	13,3
— Déficit fiscal (c)	-0,2	-0,1	-1,8	-0,6	—
— Saldo da balanza en Cta. corrente (d) (e)	6,7	3,0	-1,3	-10,0	-11,2
Do que en moeda convertible	2,7	0,7	-2,8	—	—
— % do servicio da débeda na exportación	19,2	18,5	14,9	18,5	16,8
— Débeda externa (d) (e)	97,9	98,4	105,0	110,2	118,3

- (a) Inclúe Bulgaria, Hungría, Polonia, Checoslovaquia, Romanía e Iugoslavia.
- (b) Sobre prezos ó consumidor.
- (c) Porcentaxe do PIB nominal.
- (d) Inclúe datos en moeda non convertible, convertida a US \$ pola fonte segundo a metodoloxía *ad hoc*.
- (e) Miles de millóns de US \$.

Fonte orixinal: FMI, *Perspectivas de la Economía Mundial*, Maio 1991.

Cadro 13
EUROPA ORIENTAL: INDICADORES MACROECONÓMICOS SELECCIONADOS